

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 26 de outubro de 2006**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión Plenaria ordinaria que se vai celebrar o vindeiro xoves, día 26 de outubro de 2006, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

- [1.- Aprobación da acta anterior, correspondente á sesión celebrada o día 28 de setembro.](#)
- [2.- Toma de coñecemento das resolucións ditas pola Presidencia, da nº 17.067 á nº 18.952.](#)

Economía, Facenda e Especial de Contas

- [3.- Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Cabana de Bergantiños.](#)
- [4.- Modificación das Ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos que rexerán para o exercicio 2007.](#)

Cooperación e Asistencia a Concellos

- [5.- Aprobación da modificación da distribución interna do financiamento do Plan de obras e servizos 2006.](#)
- [6.- Aprobación do Plan de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006 cofinanciado con fondos FEDER, IMSERSO, Fundación ONCE e Deputación.](#)
- [7.- Aprobación da segunda fase do Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006.](#)
- [8.- Aprobación da terceira e última fase da anualidade 2006 do Programa operativo local 2000-2006.](#)
- [9.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Urbanización na rúa Cruceiro” do Concello de Laxe, incluída no POS 2006. Código 06.2100.0146.0.](#)
- [10.- Aprobación do proxecto reformado da obra “reparación de camiños en Seble e outros” do Concello de Mesía, incluída no POS 2006. Código 06.2100.0170.0.](#)

[11.- Aprobación do proxecto reformado nº 2 da obra “Edar e saneamento en Peteiro e Santa Marta de Babío” do Concello de Bergondo, incluída no Programa operativo local \(POL\) 2005. Código 05.2300.0160.0.](#)

Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

[12.- Desistencia de expediente de aprobación do proxecto e solicitude de urxente ocupación da obra da travesía na E.P. 3109 Vilaboa a Peiro por Tarrío PK. 0,000 ao 3,120, 1ª fase, incluída no Plan de travesías 2005, 4ª fase.](#)

[13.- Desistencia de expediente de aprobación do proxecto e solicitude da urxente ocupación da obra de ampliación e mellora do trazado na E.P. 0205 do PK. 7,850 ao 11,200 de Bertamiráns a Ramallosa \(Teo\), incluída na 5ª relación do Plan de vías provinciais 2006-2008.](#)

[14.- Ampliación do prazo de remisión de documentación a que se refire a base 3ª do Plan de travesías relativa aos Concellos da Laracha \(travesía e seguridade viaria na E.P. 0513 Paosaco Caión Tramo da Torre\), Tordoia \(travesía na E.P. 8401 Tablilla-Agrodomestre O Petón e Pontepedra\) e Oroso \(prolongación da travesía Avda. de Grabanxa en Sigüeiro\).](#)

[15.- Aprobar inicialmente o Plan de travesías 2006, 2ª fase das obras de mellora de iluminación pública na E.P. 4307 Malpica a Ponteceso entre os PK. 0,8 ao 5,48 \(Malpica\) e a realización da travesía no lugar de Dumbría 1ª fase \(Dumbría\).](#)

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

[16.- Validación de actuacións na execución da obra do Plan 2000 liquidación recuperación da Arquitectura Popular “Restauración reitoral igrexa Santiago Mens” Concello Malpica de Bergantiños.](#)

Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico

[17.- Toma de coñecemento do proxecto Interreg III A “Culturnova”.](#)

[18.- Concesión de subvencións nominativas para Cooperación Internacional e Centro Galegos.](#)

Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

[19.- Proposta de sinatura de convenios cos concellos da provincia para mantemento dos servizos de normalización lingüística.](#)

[ACTUACIÓN DE CONTROL](#)

[MOCIÓN](#)

[ROGOS E PREGUNTAS](#)

DON ALEJANDRO RODRÍGUEZ LEMA	PSOE
DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asisten os Sres. Campo Fernández, Blanco Pazos, Poza Domínguez e escúsase o Sr. Diz Arén.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE SETEMBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, correspondente á sesión celebrada o día 28 de setembro.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA N° 17.067 Á N° 18.952.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia da n° 17.067 á n° 18.952.

3.- AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Cabana de Bergantiños en relación coas seguintes materias:

- A facultade para establecer acordos ou convenios coa Administración tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección en relación co imposto sobre bens inmóbeis.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

4.- MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS E REGULADORAS DE PREZOS PÚBLICOS QUE REXERÁN PARA O EXERCICIO 2007.

INTERVENCIÓNS

Sr. Lagares Pérez

Sexan as miñas primeiras palabras de desculpar a asistencia do compañeiro Germán Diz Arén, que como todas e todos saben, tivo unha indisposición, e ao que lle desexamos, entendo en nome de toda a Corporación, un pronto restabelecemento e unha pronta reincorporación aos seus labores, ao seu traballo, á fronte da Comisión de Persoal.

As Ordenanzas fiscais correspondentes a 2007 forman parte, a nivel económico, e a nivel orzamentario, dunha partida que, digamos, é estritamente autónoma da deputación. Sabemos todos que a Deputación provincial, como órgano local, é un órgano dunha alta dependencia orzamentaria, superior ao 90%. E as taxas e os prezos públicos que van regular estas Ordenanzas fiscais son os que marcan esa partida orzamentaria autónoma, en compañía dos ingresos patrimoniais, do alleamento de investimentos reais, e da apelación ao crédito nos pasivos financeiros, se así se estimar. Son aquel campo de manobra, digamos, económica, que nos permiten os orzamentos de calquera exercicio.

Xa que logo, a importancia, digamos que é máis cualitativa que cuantitativa, máis cualitativa porque indubidablemente as taxas e os prezos públicos que van influír sobre determinados centros desta casa, da deputación, e sobre outras actividades que poidan desenvolverse, por exemplo, o Boletín Oficial da Provincia, a súa impresión, o custo dos anuncios, ou a taxa por recadación, que son as máis elevadas, é importante destacar este tema, a nivel cualitativo, digo, non cuantitativo.

Que significaban as taxas e prezos públicos no actual exercicio? Pois significaban un total de preto de 6 millóns de euros, o 3,58% do orzamento inicial; e o imposto de actividades económicas preto de 4 millóns e medio, no orzamento inicial tamén, no

capítulo de ingresos, que significa o 2,57%. A repercusión orzamentaria está arredor dun 9, quere dicir que cada 100 euros, por estes capítulos, imos ter uns ingresos de 9 euros.

Digamos que como taxas importantes, destacar dúas, pola súa contía, a taxa de Servizo de Recadación provincial, que neste exercicio 2007 imos manter nas mesmas contías que no exercicio pasado, como explicaremos ao longo desta breve intervención que vou facer, o 5% para recadación voluntaria e o 75% das recargas de prema para executiva, iso mantense inamovíbel; e tamén se mantén inamovíbel, por suposto, o imposto de actividades económicas, coa recarga do 25%.

Este expediente das Ordenanzas fiscais, a nivel formal, consta dos documentos que son preceptivos, e que así marcan o Texto refundido da lei de facendas locais, é dicir, a memoria da Presidencia, o informe da sección de Recursos Propios, no que atinxe ao artigo 172 do Regulamento orgánico de funcionamento das corporacións locais, o informe da Intervención Xeral, o texto que se propón coas modificacións das súas tarifas, das que entón falaremos, o informe técnico que incorpora os estudos económicos financeiros de avaliación de custos, que marca tamén o artigo 25 do Texto refundido da lei de facendas locais, e o ditame da Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas, do pasado mércores, día 18 do mes que estamos, onde se sentenciaba de forma favorábel cos votos do equipo de goberno.

Cales son realmente o fondo, as modificacións, que lle propón este equipo de goberno ao Pleno da Deputación provincial? Pois son incremento das taxas e prezos públicos, do IPC interanual abril 2005-2006, que marcaba entón, de acordo coa certificación do Instituto Nacional de Estatística, do 3,9%. E isto vaise aplicar ás Ordenanzas fiscais números: 2, 3, 4, 10, 11, 12, -entón referireime a un cambio substancial que hai, porque hai un detalle de dúas ordenanzas-, 13 e 14. Pola reorganización do Servizo, como veño de indicar, a Ordenanza nº 12 detallouse en dúas, por un lado a Ordenanza de centros de servizos sociais, que sería a nº 11 neste novo texto, e a nº 12, que é o prezo público no centro residencial docente Calvo Sotelo.

Como xa indiquei no inicio da miña intervención, a taxa de recadación, que é a Ordenanza nº 5, se mantén nos parámetros que tiñamos, é algo que temos acordado cos 82 concellos delegados e que neste momento, como se observou no Pleno de hoxe, seguen facendo delegación de competencias en materia de recadación, de xestión, ou de inspección tributaria, o cal indica a boa saúde da que goza este Servizo de cara aos concellos, que é importante e que se está a facer dunha maneira, entendemos, que boa, aínda que mellorábel.

Igualmente, o imposto de actividades económicas, que logo os seus ingresos van repercutir, posiblemente por unha mala política do goberno central cando representaba o

Partido Popular, que non se fixeron as correccións económicas de ingresos aos entes locais debidos, pero si se mantén a mesma recarga do 25%.

É indubidábel, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, que a Lei de facendas locais nos di que hai que buscar un equilibrio entre o custo dos servizos e os seus ingresos, ese equilibrio do 100%, esa utopía, sabemos os municipalistas perfectamente que non é doado de alcanzar. E aquí ocorre o mesmo, nestas taxas e prezos públicos que se someten á súa consideración.

Porén, quero destacar que tamén di a Lei de facendas locais con atino, con acerto lexislador, que cando existan razóns sociais, benéficas, culturais, ou de interese público, poderanse fixar taxas ou prezos públicos por debaixo do custo do servizo. Isto é o que ocorre nunha parte destas taxas e prezos públicos.

E xa para acabar, digamos que como conclusión desta intervención, este equipo de goberno diría, ou resumiría en extracto, que hai un incremento dun 3,9%, de acordo co IPC interanual, que se veu facendo de forma sistemática, que se manteñen as taxas de recadación e da recarga do imposto de actividades económicas. Outro punto importante: unha vez que entra en vigor a Lei xeral tributaria desenvóléronse tres regulamentos; falta un; concretamente falta o regulamento de xestión e inspección tributaria, que será o cuarto que desenvolva, digamos, por completo, esta Lei xeral tributaria que está en vigor, e entón incorporarémolo, adaptarémolo, nun Pleno, no seu momento, cando así o decida o Congreso dos Deputados.

E continuar co equilibrio entre ingresos e custos do Servizo, recorrendo, coma sempre, ao espírito da solidariedade, que moitas destas Ordenanzas fiscais así o marcan.

Por todo iso solicito do Grupo Popular o seu voto favorábel a este punto da orde do día. Moitas grazas.

Sr. López Crespo

En primeiro lugar, traer un recordo aquí para o compañeiro e amigo Germán Diz, home dinámico e transmisor sempre de bo humor, e dicirlle que -non o podemos ver-, se alguén o ve, darlle unha aperta dos compañeiros do Partido Popular, e eu particularmente dicirlle: benvido ao mundo dos lonxevos do corazón, agora andará cunhas pastilliñas, fará exercicio, deixará de tensionarse, as coronarias deixarán de se reducir, e a súa vida vai ser máis longa. Nada máis e unha lembranza cariñosa para el.

Sr. Lagares, escoitámolo con moitísima atención despois de revisar toda a documentación que nos pasou para esta Comisión da revisión das Ordenanzas fiscais. Eu

vou ser moitísimo máis breve, porque talvez non tivese un conxunto de coñecementos tan longo para falar tanto tempo, pero só tres matizacións.

Desde o Partido Popular consideramos do máis condenábel a certa hipocrísia que ás veces experimenta o municipalismo ao non actualizar as taxas e prezos públicos, o que leva a un empeoramento ano tras ano das facendas locais, é dicir, que para nós é moi negativo, o cal por oposición, é que hai que facer actualizacións dos prezos públicos e as taxas, se non, -repito-, é unha irresponsabilidade; de feito, en moitas convocatorias de axudas aos concellos e reparto, mesmo, de fondos de cooperación do Estado, aparece a carga financeira como un elemento que prima ese reparto e que aumenta as posibilidades de recibir.

Dito iso, estamos de acordo, pero tamén, claro, estamos en contra da outra parte, da excesiva elevación e revisión, porque ás veces, non vaia ser –non é o caso da deputación o que vou dicir, non é o caso, falo xenericamente- de que un servizo determinado custe moito porque está mal xestionado, entón resolvémolo, non mellorando o servizo, ou non revisando, senón subindo a taxa ou prezo público. Repito, non é o caso, pero sería algo tamén condenábel desde o punto de vista do bo funcionamento da administración pública.

En resumidas contas, a nós, neste punto da orde do día vemos ben, en principio, que non ten moito que ver co fondo da cuestión, a división da Ordenanza nº 11, parécenos que é moi acertada esa matización no servizo. E o que xa non nos parece tan ben é o de tomar esa taxa de inflación interanual, esta decisión ten unha calidade de oportunismo, no que nos beneficia, respecto ao que de verdade debe de estar establecido, que é o que de verdade debe de estar establecido? Os gobernos, en réximes democráticos fortes, como o que vive España neste momento, tenden a controlar os prezos, tenden a controlar os salarios, tenden a facer o que se chama un intervencionismo na vida económica dun país, para evitar eses desvíos que poden ser terribéis, como pasa en réximes do contorno dos países iberoamericanos, e outros países de Asia, onde as inflacións son tremendas, ou por outro lado, elaboran moedas sen máis nin máis, e aparece xente con cartos pero que non hai de onde sacar... E nós en Europa, para o evitar, temos un marabilloso Banco Central Europeo, que nos establece até onde debe de ir o noso axuste de salarios, de prezos, etc., etc. E o que nos recomenda para o ano 2007 o Banco Central Europeo, os propios orzamentos do Estado de España e do noso país galego, recomiendan o 2%. Por iso nós, neste caso, consideramos que debía ser esta a contía na que debían actualizarse as taxas e prezos públicos, o 2%, cosa que por certo cando gobernaba esta deputación o Partido Popular houbo unha chamada de atención do Sr. Moreda, especialista en economía, que foi tida en conta por nós e cambiámolo, o que fixo que o seu voto fose despois positivo; é dicir, que se vostedes cambian nós tamén lles daremos o voto positivo. Neste caso non podemos, lamentámolo moito, e sen entrar en maiores críticas, só por ese desaxuste da

recomendación do Banco Central Europeo, do Estado español, e da autonomía galega, vémonos obrigados a votar que non. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Tamén escoitei con atención a intervención do voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, e teño que dicirlle que non é exactamente o seu remate de intervención a posición que marcou o Grupo Socialista cando estaba na oposición. Teño que dicirlle que no último mandato dos catro exercicios, tres deles, o Partido Popular, con maioría suficiente na cámara fixo a proposta que fai hoxe aquí o equipo de goberno, pero no último exercicio fixeron unha variación e aplicaron entón o IPC, o IPC estatal previsto para o exercicio seguinte que, curiosamente, tamén era do 2%.

Nós, na nosa intervención xa indicabamos que hai unha dualidade que eu penso que se contradí, neste caso, o Partido Popular. Por un lado, falábase de certa hipocrísia na utilización da Lei de facendas locais, nós sabemos perfectamente que o municipalismo ten que chegar nalgún momento a ter unha Lei de facendas locais propia de Galicia, vimos demandándoa e eu penso que o goberno que neste momento está na Xunta xa está a tomar cartas no asunto. Pero mentres tanto, este desfacemento económica no custe do servizo e dos ingresos que imos recibir dese custe, non poden seguir abrindo o abano, téñense que pechar un pouco máis, mesmo nalgúns casos este 3,9%, desde o punto de vista do equipo de goberno, é insuficiente, así como noutros casos de interese social, entón si, mesmo cunha amnistía nalgún caso ao 100%, porque hai familias desfavorecidas na provincia que utilizan servizos co Calvo Sotelo, que si hai que telo en conta, como non!, e aí, -como dicía antes- o lexislador foi sabio, estivo atento a todo isto. Pero se facemos o que di o Partido Popular estaríamos, por exemplo, estrangulando o Boletín Oficial da Provincia, que chegan a unhas porcentaxes, que figura na documentación, elevados en cuestión de ingreso; estamos no 95,61%, despois das correccións feitas por este equipo de goberno, así como o financiamento, por exemplo, do fogar Calvo Sotelo, non chega a estes parámetros nin moito menos, é moi pequena, pero claro, para iso estamos os políticos, para facer ese reequilibrio social, este reequilibrio das capas máis desfavorecidas e que teñan acceso, neste caso, á educación.

Polo tanto, entendemos que a proposta do equipo de goberno vai ser invariábel, que imos manter este 3,9% do período interanual abril 2005-2006, imos seguir mantendo as taxas ás que antes facía referencia da recadación e do imposto de actividades económicas, e continuaremos traballando con ganas para establecer eses criterios que se acheguen ao que di o Texto refundido da lei de facendas locais, que moitas veces estes textos son utópicos, pero algúns seguimos crendo nesas utopías de avance e de valentía que se deron na historia, como maio do 68. Moitas grazas, e non imos cambiar as porcentaxes.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (9- PSOE e 5-BNG)

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: Ningún.

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación das Ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforma o xefe do Servizo de Xestión Tributaria.
- Texto proposto para as distintas Ordenanzas fiscais e doutras reguladoras de prezos públicos co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Informe técnico que incorpora os estudos económico-financeiros da avaliación de custos (art. 24.2 e 44 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais).
- Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar as modificacións da *Ordenanza Fiscal Xeral* (artigo 8), *Ordenanza fiscal nº 2* reguladora da taxa polo servizo de publicacións, subscripción e venda do Boletín Oficial da Provincia (artigos 7 e 9.1.4.2), *Ordenanza fiscal nº 3* reguladora da taxa por expedición de documentos, actividades administrativas e dereitos de exame (art. 6 e 7.1), *Ordenanza fiscal nº 4* reguladora da taxa por servizos no Polígono Industrial de Sabón (art. 6 e 7), *Ordenanza fiscal nº 6*, reguladora da recarga provincial do imposto sobre actividades económicas (artigo 2), *Ordenanza fiscal nº 10* reguladora da taxa por servizos no Conservatorio de Danza (art. 6), *Ordenanza fiscal nº 11* reguladora da taxa por servizos en establecementos provinciais de Servizos Sociais (modificación e redacción íntegra), impor o prezo público polos Servizos no Centro Residencial Docente Calvo Sotelo e aprobar a *Ordenanza nº 12* reguladora do prezo público por servizos no centro residencial docente Calvo Sotelo, *Ordenanza nº 13* reguladora do prezo público por utilización da pista polideportiva (art. 4.2) e *Ordenanza nº 14* reguladora do prezo

público por utilización do Pazo de Mariñán (art. 4.2 , suprímese o art. 7 e o artigo 8 pasa a denominarse artigo 7).

2º) Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso, os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

3º) Unha vez aprobadas definitivamente, publicación íntegra das modificacións da Ordenanza Fiscal Xeral e as Ordenanzas fiscais números 2,3,4,6,10, e as Ordenanzas reguladoras do prezo público nº 13 e 14, e redacción íntegra da Ordenanza fiscal nº 11 e Ordenanza nº 12 (ANEXO 1)

4º.- As ordenanzas comezarán a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra elas e unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no art. 17.4 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais:

- A Ordenanza Fiscal Xeral e as Ordenanzas fiscais núms. 2,3,4, 6 e 11 e as Ordenanzas reguladoras do prezo público núms. 13 e 14 a partir do 1 de xaneiro de 2007.

- A Ordenanza fiscal nº 10 para o curso escolar 2007/2008.

- A Ordenanza nº 12 reguladora do prezo público por servizos no centro residencial docente Calvo Sotelo para o curso escolar 2007/2008.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva das ordenanzas así como a data a partir da cal rexerán estas, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais. “

5.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA DISTRIBUCIÓN INTERNA DO FINANCIAMENTO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS 2006.

INTERVENCIONES

Sr. presidente

Neste punto, unha vez celebrada a correspondente Comisión, onde se sentenciou por unanimidade o contido deste punto, por causas sobrevidas despois da celebración da Comisión, houbo que modificalo e facer unha emenda, emenda que coñecen xa os voceiros dos grupos, para a súa presentación doulle a palabra ao Sr. Bello.

Sr. Bello Costa

Permítame que inicie esta intervención tamén cun recordo cariñoso ao noso compañeiro e amigo deputado Germán Diz, e desexándolle en nome do Grupo provincial do BNG, un pronto restabelecemento.

Como remata de comentar vostede, unha vez celebrada a Comisión Informativa de Cooperación e Asistencia a Concellos, e co ditame favorábel por unanimidade dos tres grupos presentes na Corporación provincial e que se levaba a Pleno, un cuarto concello – porque en principio eran tres concellos os afectados-, pois un cuarto concello fixonos chegar as dificultades de levar adiante esa obra do POS 2006 que tiñan adjudicada. Polo tanto, o obxectivo desta emenda, da que se deu conta aos voceiros dos grupos provinciais, o obxectivo é que a subvención do Ministerio de Administracións Públicas se empregue na súa totalidade nese plan, e que os importes totais de achega dos distintos axentes non varíen. De aí que hoxe traíamos ao Pleno unha modificación da distribución unicamente interna do financiamento do Plan de obras e servizos 2006.

Creo que é atendíbel este pedimento, o mesmo que fixemos cos outros tres concellos, e xa que logo é incorporar un cuarto concello. Grazas, Sr. presidente.

Sr. López Crespo

É para dicir que aceptamos a emenda, parécenos unha causa xustificadísima, e que non se fixo antes porque non se tiña coñecemento.

Polo tanto, aceptamos a emenda e xa aproveito para anunciar que votaremos afirmativamente o punto nº 5 e todos os demais puntos, até o 19, inclusive.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión, reformado co contido da emenda que expuxo o Sr. vicepresidente:

“Vistos os escritos recibidos dos Concellos de Ares, Cee, Neda e Oleiros nos que se comunica que existen dificultades para a adxudicación das obras nº 13 "Acd. Contorna Praza Igrexa", nº 97 "Areas recreativas Lobelos-Xallas", nº 209 "Pav e urb tramo inferior R/Real" e nº 223 "Rede de sumidoiros R/Fonte do Ouro", que máis adiante se indican, incluídas todas elas no POS 2006 que foi aprobado por acordo plenario do 23 de febreiro de 2006, cofinanciado polo MAP, Deputación préstamo, Deputación fondos propios e Concello.

Tendo en conta que no RD 835/2003 se prevé a posibilidade de que a subvención do MAP alcance ata o 40% ou 50% do orzamento de cada proxecto en función do tipo de obra de que se trate.

Tendo en conta que hai outra obra do Concello de Oleiros, a nº 221 "Beiravías peonils na rúa do Río", á que podería aplicárselle a subvención do MAP inicialmente prevista para as obras 13 "Acd. Contorna Praza Igrexa" do Concello de Ares, nº 97 "Areas recreativas Lobelos-Xallas" do Concello de Cee, nº 209 "Pav e urb tramo inferior R/Real" do Concello de Neda e nº 223 "Rede de Sumidoiros R/Fonte do Ouro", do Concello de Oleiros, realizando únicamente axustes de distribución interna do financiamento, sen que iso afecte en absoluto aos seus importes totais.

1.- Aprobar a modificación da distribución interna do financiamento do POS 2006, aprobado por acordo plenario do 23 de febreiro de 2006, cofinanciado entre o MAP, Deputación préstamo, Deputación fondos propios e Concello, no sentido de que nas obras nº 13 "Acd. Contorna Praza Igrexa", nº 97 "Areas recreativas Lobelos-Xallas", nº 209 "Pav e urb tramo inferior R/Real" e nº 223 "Rede de Sumidoiros R/Fonte do Ouro", dos Concellos de Ares, Cee, Neda e Oleiros, elimínese a subvención do MAP e increméntese a achega da Deputación fondos propios, e que á inversa, na obra nº 221 "Beiravías peonís na rúa do Río" do Concello de Oleiros, increméntese a subvención do MAP e diminúase na mesma medida a achega da Deputación fondos propios sen que iso afecte aos importes totais destas 5 obras nin do Plan no seu conxunto.

Concello: Ares		Código: 06.2100.0013.0	
Denominación: Acd. Contorna Praza Igrexa			
	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferencia
MAP	6.289,04	0,00	-6.289,04
Deputación préstamo	17.954,20	17.954,20	0,00
Deputación fondos propios	17.521,36	23.810,40	6.289,04
Concello	18.317,73	18.317,73	0,00
TOTAL	60.082,33	60.082,33	0,00

Concello: Cee		Código: 06.2100.0097.0	
Denominación: Areas recreativas Lobelos-Xallas			
	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferencia
MAP	13.004,30	0,00	-13.004,30
Deputación préstamo	37.125,17	37.125,17	0,00
Deputación fondos propios	36.230,15	49.234,45	13.004,30
Concello	4.545,24	4.545,24	0,00
TOTAL	90.904,86	90.904,86	-0,00

Concello: Neda		Código: 06.2100.0209.0	
Denominación: Pav., e urb., tramo inferior R/Real			
	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferencia
MAP	19.771,30	0,00	-19.771,30
Deputación préstamo	56.443,87	56.443,87	0,00
Deputación fondos propios	55.083,12	74.854,42	19.771,30
Concello	42.431,80	42.431,80	0,00
TOTAL	173.730,09	173.730,09	-0,00

Concello: Oleiros		Código: 06.2100.0223.0	
Denominación: Rede de sumidoiros R/Fonte do Ouro			
	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferencia
MAP	5.591,87	0,00	-5.591,87
Deputación préstamo	15.963,89	15.963,89	0
Deputación fondos propios	15.579,04	21.170,91	5.591,87
Concello	2.067,46	2.067,46	0
TOTAL	39.202,26	39.202,26	0,00

Concello: Oleiros		Código: 06.2100.0221.0	
Denominación: Beiravías peonís na rúa do Rio			
	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferencia
MAP	30.876,40	75.532,91	44.656,51
Deputación préstamo	88.147,12	88.147,12	0,00
Deputación fondos propios	86.022,06	41.365,55	-44.656,51
Concello	11.415,78	11.415,78	0,00
TOTAL	216.461,36	216.461,36	0,00

2.-Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3.-Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997 de 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003 de 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

4.-Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta nos art. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

5.-Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, considerárase definitivamente aprobada a modificación do Plan."

6.- APROBACIÓN DO PLAN DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS 2006 COFINANCIADO CON FONDOS FEDER, IMSERSO, FUNDACIÓN ONCE E DEPUTACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o acordo adoptado polo Pleno desta deputación do 29 de xuño de 2006, que modificaba o acordo do 30 de marzo de 2006, polo que se aprobaba solicitar a adhesión ao "Convenio de colaboración, suscrito o 12 de xullo de 2004, para o período 2004-2006, entre o Ministerio de Traballo e Asuntos sociais, a través do IMSERSO e a Fundación ONCE para a cooperación e integración social con persoas con discapacidade, para desenvolver un Programa de accesibilidade universal", para o financiamento de 7 actuacións pedidas polos 5 concellos de máis de 20.000 habitantes presentadas dentro da convocatoria realizada por esta deputación.

Visto o escrito recibido do IMSERSO por medio do cal se comunica que a Comisión de Seguimento do Convenio marco de colaboración Ministerio de Traballo e

Asuntos Sociais / Fundación ONCE, en reunión do 11 de setembro de 2006, aprobou a proposta de colaboración con esta Deputación provincial para desenvolver un proxecto de accesibilidade.

1º -Aprobar o Plan de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006 cofinanciado con fondos FEDER, IMSERSO, ONCE e Deputación, no que se inclúen as obras que deseguido se indican con detalle do seu financiamento:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	70%	12%	7%	11%
				FEDER	IMSERSO	ONCE	DEPUTACIÓN
ARTEIXO	06.2930.0001.0	RAMPLA E ASCENSOR EDIFICIO SERVICIOS MÚLTIPLES	25.878,64	18.115,05	3.105,44	1.811,50	2.846,65
CAMBRE	06.2930.0002.0	RAMPLA MECANICA COLEXIO CEIP BREXO	15.142,86	10.600,00	1.817,14	1.060,00	1.665,72
	06.2930.0003.0	RAMPLA MECANICA COLEXIO CEIP SIGRAS	16.035,71	11.225,00	1.924,29	1.122,50	1.763,92
CULLEREDO	06.2930.0004.0	ASCENSOR C. CULTURAL PAZO VILABOA	25.288,00	17.701,60	3.034,56	1.770,16	2.781,68
NARON	06.2930.0005.0	SALVAESCALEIRAS E ASEOS EDIFICIO XULGADOS	38.439,70	26.907,79	4.612,76	2.690,78	4.228,37
OLEIROS	06.2930.0006.0	ASCENSOR, PORTA E ASEOS C. CULTURA CASA ETCHEVERRY	46.073,47	32.251,43	5.528,82	3.225,14	5.068,08
	06.2930.0007.0	ELEVADORES HIDRÁULICOS PISCINAS MUNICIPAIS	13.914,87	9.740,41	1.669,78	974,04	1.530,64
T O T A L			180.773,25	126.541,28	21.692,79	12.654,12	19.885,06
NÚMERO DE CONCELLOS			5				
NÚMERO DE OBRAS			7				

Este plan finánciase con cargo á partida 0701/313N/76201, do vixente orzamento provincial.

2º.- A contratación e execución das obras realizaranas os respectivos concellos conforme ás instrucións que envíe a Presidencia desta Deputación Provincial da Coruña de acordo co establecido no convenio de colaboración, co seu manual de instrucións e co convenio de colaboración singular asinado con esta deputación.

3º.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación

Local para os efectos da coordinación disposta nos art. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

5º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o presente expediente.

6º.- Facultar ao presidente da deputación para a sinatura do convenio de colaboración singular e para a realización de cantas actuacións sexan precisas para a execución deste acordo.”

7.- APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN ESPECIAL DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS 2006.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistas as bases reguladoras do Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006, aprobadas polo Pleno da deputación o 23 de febreiro de 2006 e cuxo texto se publicou no BOP nº 49 do 1 de marzo de 2006.

Vistas as obras solicitadas por diversos concellos da provincia ao abeiro das citadas bases, que foron incluídas nunha listaxe priorizada de acordo cos criterios de selección nelas establecidos.

Visto que mediante acordo plenario do 29 de xuño de 2006 se aprobou unha 1ª fase deste plan especial, e que as restantes solicitudes foron incluídas nunha listaxe de obras supletorias para estudar a posibilidade do seu financiamento por esta deputación, ben a través doutras fontes, ou ben con cargo aos propios recursos provinciais, logo da realización previa das operacións orzamentarias necesarias.

Visto o saldo dispoñible existente no ano 2006 na partida 0701/313K/76201, así como a consignación prevista para o exercicio 2007 nesta mesma partida no proxecto de orzamento provincial para 2007.

1º -Aprobar a 2ª fase da anualidade 2006 do Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas na que se inclúen as actuacións que deseguido se indican, de acordo coa selección efectuada en virtude da aplicación dos criterios establecidos nas bases reguladoras deste plan:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MELIDE	06.3230.0024.0	ASCENSOR E RAMPLA EDIFICIO SEDE ENTIDADE LOCAL	25.959,53
PADRÓN	06.3230.0025.0	ASCENSOR CENTRO SERVICIOS SOCIAIS	36.726,10
PADRÓN	06.3230.0026.0	ASCENSOR CENTRO SOCIAL PADRON	40.608,97
CORISTANCO	06.3230.0027.0	ADAPTACIÓN OFICINAS ATENCIÓN PÚBLICO CASA DO CONCELLO	12.740,43

OUTES	06.3230.0028.0	PLATAFORMA SALVAESCALEIRAS CASA DO CONCELLO	38.797,52
VALDOVIÑO	06.3230.0029.0	RAMPLA E ACCESO EXTERIOR CASA DO CONCELLO	12.425,02
VEDRA	06.3230.0030.0	RAMPLA, PLATAFORMA E ASEO CASA DO CONCELLO, BIBLIOTECA, CASA 3º IDADE	36.904,17
CABANA DE B.	06.3230.0031.0	ASCENSOR EDIFICIO USOS MULTIPLES CARBALLA	27.608,00
NEDA	06.3230.0032.0	ASCENSOR EDIFICIO USOS MULTIPLES A TOLEIRA	72.309,22
ZAS	06.3230.0033.0	ASCENSOR, RAMPLA E PORTA EN BIBLIOTECA DE BAI0	42.906,82
BOIMORTO	06.3230.0034.0	ACCESO, RAMPLA, VESTIARIO, CASA DO CONCELLO, POLIDEP CASA CULTURA CENTRO DE DIA	22.544,29
CAPELA, A	06.3230.0035.0	SALVAESCALEIRAS CASA DO CONCELLO	20.032,04
CESURAS	06.3230.0036.0	RAMPLAS LOCAIS SOCIAIS RILO, CARRES, DORDAÑO BARAIO	12.206,98
MAÑON	06.3230.0037.0	SALVAESCALEIRAS CONCELLO E C. SOCIAL BARQUEIRO	37.666,94
MIÑO	06.3230.0038.0	SALVAESCALEIRAS LOCAL SOCIAL BEMANTES	13.456,00
PADERNE	06.3230.0039.0	RAMPLAS ESCOLA UNITARIA AREAS, LOCAL SOCIAL VIGO E ESCOLA TALLER VIÑAS	15.399,55
PINO,O	06.3230.0040.0	ASEO, SALVAESCALEIRAS E RAMPLA CASA DO CONCELLO	34.257,48
PONTEDEUME	06.3230.0041.0	PLATAFORMA SERVIZOS SOCIAIS	21.954,16
SANTISO	06.3230.0042.0	SALVAESCALEIRAS E RAMPLA CASA DO CONCELLO	18.290,30
SOBRADO	06.3230.0043.0	RAMPLA E ASEO CASA DO CONCELLO	24.420,45
TOQUES	06.3230.0044.0	PLATAFORMA SALVAESCALEIRAS CASA DO CONCELLO	20.491,68
TRAZO	06.3230.0045.0	SALVAESCALEIRAS CENTRO SOCIAL VIAÑO PEQUENO	16.400,00
VAL DO DUBRA	06.3230.0046.0	RAMPLA E BARBACÁ CASA DO CONCELLO, GARDERÍA, AUDITORIO E BIBLIOTECA DE RIAL	16.532,80
VILASANTAR	06.3230.0047.0	RAMPLA E ASEO CASA DO CONCELLO	12.372,82
CEE	06.3230.0048.0	ASEOS CASA DO CONCELLO E PAVILLÓN POLIDEPORATIVO	17.287,26
CABANA DE B.	06.3230.0049.0	ELIM BARREIRAS DESPACHO SERVIZOS SOCIAIS	22.845,62
CARNOTA	06.3230.0050.0	RAMPLAS E ACCESOS EDIFICIOS MUNICIPAIS	117.057,92
PADRON	06.3230.0051.0	SALVAESCALEIRAS E RAMPLA CASA DO CONCELLO	23.925,39
MUGARDOS	06.3230.0052.0	ACCESOS, ASCENSOR E ASEOS CEIP UNION MUGARDESA	101.411,28
CERCEDA	06.3230.0053.0	RAMPLAS EN BIBLIOTECA E PISCINA	30.860,74
LOUSAME	06.3230.0054.0	ACCESO A MOSTERIO S. XUSTO	42.898,59
BOIMORTO	06.3230.0055.0	RAMPLA E ASEOS CENTRO SOCIAL SENDELLE, RODIEIROS E BRATES	19.640,03
MESIA	06.3230.0056.0	RAMPLA E ASEOS CENTRO SOCIAL DE ALBIXOI	28.715,87
CURTIS	06.3230.0057.0	ASEOS CASA DO CONCELLO E CENTROS SOCIAIS SANTAIA E ILLANA	14.144,22
MESIA	06.3230.0058.0	ASEOS E ACCESOS CENTROS SOCIAIS OLAS E MESIA	28.066,56
CORCUBION	06.3230.0059.0	RAMPLA CENTRO XUVENIL	33.555,09
MUGARDOS	06.3230.0060.0	ASEOS CENTRO CIVICO MUGARDOS	13.816,73
NEGREIRA	06.3230.0061.0	SALVAESCALEIRAS E ACCESOS A PISCINA MUNICIPAL	21.943,12
MUGARDOS	06.3230.0062.0	ACCESOS, ASCENSOR E ASEOS CEIP SANTIAGO APOSTOL	82.585,48
AS PONTES DE G.R.	06.3230.0063.0	ASEOS, PASAMANS, VARANDAS, SALVAESCALEIRAS E PORTAS MERCADO MUNICIPAL	58.817,80
CERDIDO	06.3230.0064.0	RAMPLA E APARCAMENTO CASA CULTURA	12.119,97
TOQUES	06.3230.0065.0	ASEOS CASA DO CONCELLO E CAMPO FUTBOL	16.352,68
MUROS	06.3230.0066.0	ACCESO ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA	99.477,73
LAXE	06.3230.0067.0	SALVAESCALEIRAS E ASEOS POLIDEPORATIVO	74.158,90
SUBTOTAL 2006			1.492.692,25

Esta 2ª fase da anualidade 2006 finánciase con cargo á partida 0701/313K/76201, integramente con fondos da deputación en atención á importancia social e natureza das obras que se han executar.

2º.- Aprobar con carácter anticipado as obras que se inclúen nesta 2ª fase do plan con cargo á anualidade 2007, ao abeiro do establecido no art. 56 do Real decreto 887/2006 do 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A aprobación definitiva deste expediente e a execución dos correspondentes proxectos queda condicionada á entrada en vigor do orzamento provincial para o exercicio 2007 e á acreditación da existencia de crédito adecuado e suficiente.

A relación das obras que se inclúen para seren financiadas con cargo á anualidade 2007, con achega integramente da deputación en atención á importancia social e natureza das obras que se han executar, é a seguinte:

CONCELLO	CODIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
CORCUBIÓN	07.3230.0068.0	ASCENSOR, PLATAFORMA E ACCESO PAVILLON POLIDEPORTIVO	86.822,95
VAL DO DUBRA	07.3230.0069.0	RAMPLA ANTIGA CAMARA AGRARIA	14.580,00
VAL DO DUBRA	07.3230.0070.0	ASEO NA CASA DE CULTURA	12.584,79
MESÍA	07.3230.0071.0	ACCESOS PISCINA MUNICIPAL DE XANCEDA	48.237,86
CORCUBIÓN	07.3230.0072.0	RAMPLA OFICINA TURISMO	15.254,60
SUBTOTAL 2007			177.480,20

3º.- A contratación e execución das obras realizaranas os respectivos concellos de acordo coas instrucións que remita esta deputación.

4º.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta nos art. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

6º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o presente expediente.”

8.- APROBACIÓN DA TERCEIRA E ÚLTIMA FASE DA ANUALIDADE 2006 DO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os escritos remitidos polo Ministerio de Administracións Públicas relativos á elaboración do Programa operativo local obxectivo 1, anualidades 2000-2006, onde se conteñen instrucións sobre a súa elaboración así como o plan financeiro para os sete anos da súa vixencia.

Tendo en conta que ao aprobar a primeira e segunda fase da anualidade 2006 do POL 2000-2006, quedou un importe pendente de dispoñer, en relación co financiamento destinado a esta provincia para cada unha das anualidades deste programa.

Visto o Plan complementario desta deputación, unha vez aprobada polo Pleno da deputación a súa ampliación.

Vistas as obras cuxa documentación administrativa e técnica está correcta e completa.

E tendo en conta o establecido no Real decreto 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, así como a Orde do 31 de xaneiro de 2006 de desenvolvemento e aplicación do citado real decreto.

1.- Aprobar a terceira e derradeira fase da anualidade 2006 do PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006, cofinanciado con fondos do FEDER, deputación e concellos, cuxas cifras globais de financiamento, detalladas por axentes financiadores e medidas de actuación son as seguintes:

	Medida 5.3
FEDER LOCAL	1.938.494,97
DEPUTACIÓN	692.319,58
DEPUTACIÓN / CONCELLO	138.463,97
TOTAL	2.769.278,52

A deputación financiará as cantidades que lles correspondan aos concellos.

O importe total de 2.769.278,52€, ao que ascende a terceira e derradeira fase da anualidade 2006 do POL, financiarase con cargo á partida 0501/519B/60101 do orzamento provincial 2006.

2- Aprobar a relación de actuacións que se han incluír na terceira e última fase da anualidade 2006 do POL que é a que a figura deseguido, agrupada nas medidas nas que se estrutura o programa, e con detalle do seu financiamento entre os distintos axentes cofinanciadores.

Concello	DENOMINACIÓN	Código	ORZAMENTO	FEDER- LOCAL	DEPUTACIÓN	
					DEPUT. F.P.	DEP. CONC.

ARANGA	AB. AUGA CERDELO CARBALLOTORTO E O. FASE I	06.2300.0227.0	551.593,58	386.115,51	137.898,39	27.579,68
CERDIDO	AB. AUGA SETE ABAIXO-CASALDAIA	06.2300.0228.0	69.841,48	48.889,04	17.460,36	3.492,08
MAÑÓN	CAPTACIÓN AUGAS PARROQUIAS DE GRAÑAS E MAÑÓN	06.2300.0229.0	90.969,74	63.678,82	22.742,43	4.548,49
OROSO	REDE AUGA CARDAMA-SENRA-ÁNXELES E	06.2300.0230.0	251.848,89	176.294,22	62.962,22	12.592,45
PADERNE	OUTROS	06.2300.0231.0	299.756,86	209.829,80	74.939,21	14.987,85
AS PONTES	AMPL. SANEAMENTO PARROQUIA OBRE	06.2300.0232.0	277.780,35	194.446,25	69.445,08	13.889,02
ROIS	PARQUE DO EUME. ÁREA ACTUACIÓN 2	06.2300.0233.0	298.957,72	209.270,40	74.739,43	14.947,89
ROIS	SAN. AB. CASAL DE POÑO E AGRAFOXO	06.2300.0234.0	283.707,78	198.595,45	70.926,94	14.185,39
SADA	SAN. LIÑARES (COSTA) E PEROXA (SIEIRA)	06.2300.0235.0	195.030,89	136.521,62	48.757,72	9.751,55
SAN SADURNIÑO	DOT. SERV. SAN. E AB. ALBORELLE-SONEIRO	06.2300.0236.0	60.000,00	42.000,00	15.000,00	3.000,00
VALDOVIÑO	AMPL. SANEAMENTO EN OUTEIRO	06.2300.0237.0	389.791,23	272.853,86	97.447,80	19.489,57
3-FASE POL 2006			2.769.278,52	1.938.494,97	692.319,58	138.463,97

Aprobar, así mesmo, os correspondentes proxectos técnicos.

3.-Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4.-Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

5.-Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista nos arts. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

6.-Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, considerárase definitivamente aprobado o plan.”

9.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “URBANIZACIÓN NA RÚA CRUCEIRO” DO CONCELLO DE LAXE, INCLUÍDA NO POS 2006. CÓDIGO 06.2100.0146.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra **Urbanización na rúa Cruceiro** do Concello de Laxe, incluída no POS 2006 co código: 06.2100.0146.0. O proxecto reformado implica un incremento no seu presuposto, tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariables as achegas da deputación e do Estado.

06.2100.0146.0		Urbanización na rúa Cruceiro (Concello de Laxe)		
	Proxecto inicial	Proxecto reformado	Diferenza	
Deputación f.p.	53.025,94	53.025,94	0	
Deputación préstamo	54.335,88	54.335,88	0	
Estado	19.032,91	19.032,91	0	
Concello	93.136,75	132.880,90	39.744,15	
TOTAL	219.531,48	259.275,63	39.744,15	

10.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “REPARACIÓN DE CAMIÑOS EN SEBLE E OUTROS” DO CONCELLO DE MESÍA, INCLUÍDA NO POS 2006. CÓDIGO 06.2100.0170.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Amaño de camiños en Seble e outros” (código: 06.2100.0170.0) do Concello de Mesía, incluída no POS 2006 cun presuposto de contrata de 59.339,45 € que non representa variación no seu presuposto total, nin varía a finalidade das obras pero si implica o cambio duns camiños por outros.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación f. propios</u>	<u>Deputación préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Presuposto Total</u>
06.2100.0170.0	Mesía	Amaño de camiños en Seble e outros	23.649,75	24.233,99	8.488,74	2.966,97	59.339,45

11.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO Nº 2 DA OBRA “EDAR E SANEAMENTO EN PETEIRO E SANTA MARTA DE BABÍO” DO CONCELLO DE BERGONDO, INCLUÍDA NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL (POL) 2005. CÓDIGO 05.2300.0160.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Visto o proxecto reformado da obra “EDAR e saneamento en Peteiro e Santa Marta de Babio.” do Concello de Bergono, incluída no POL 2005. Código: 05.2300.0160.0, que foi presentado polo Director das Obras e que representa un incremento no seu presuposto de contrata.

1º.- Aprobar por un importe total de 389.269,62 € o proxecto reformado da obra “EDAR e saneamento en Peteiro e Santa Marta de Babio” do Concello de Bergondo, incluída no POL 2005. Código: 05.2300.0160.0, que foi aprobado mediante acordo plenario adoptado o 24 de febreiro de 2005.

2º.- Aprobar, asimismo, a modificación do seu financiamento debido ao incremento experimentado no presuposto do proxecto reformado que representa a cantidade de 64.282,28 € a prezos de contrata, sendo de 47.955,14 € a prezos de adxudicación. O incremento finánciase íntegramente pola Deputación (código: 05.2300.0160.1).

Así os datos de financiamento total da obra quedan como segue:

EDAR e saneamento en Peteiro e Santa Marta de Babilo			
(Concello de Bergondo)	Presuposto Proxecto Inicial a prezos de contrata	Presuposto reformado a prezos de contrata	Incremento
	05.2300.0160.0		05.2300.0160.1
Deputación f.p.	69.391,29	133.673,57	64.282,28
Deputación Outros	16.249,37	16.249,37	0
Estado	39.521,71	39.521,71	0
FEDER	199.824,97	199.824,97	0
TOTAL	324.987,34	389.269,62	64.282,28

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos previstos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

5º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista nos arts. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.

6º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, se considerará definitivamente aprobado o presente expediente.”

12.- DESISTENCIA DE EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO PROXECTO E SOLICITUDE DE URXENTE OCUPACIÓN DA OBRA DA TRAVESÍA NA E.P. 3109 VILABOA A PEIRO POR TARRÍO PK. 0,000 AO 3,120, 1ª FASE, INCLUÍDA NO PLAN DE TRAVESÍAS 2005, 4ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1. Desistir do acordo plenario do 28-7-2005 polo que se aprobaron os proxectos incluídos no Plan TRAVESIAS 2005 4ª FASE, no que se inclúe o proxecto de execución de obras TRAVESIA NA E.P. 3109 VILABOA A PEIRO POR TARRÍO PK 0,000 AO 3,120 (1ª fase) (0511300017.0) (CÓDIGO DO PROXECTO DE GASTOS 2005P0012), toda vez que se terá que modificar o citado proxecto á vista das alegacións presentadas polos veciños e tendo en conta que o Concello de Culleredo propón a súa aceptación.

2. Así mesmo, desistir do acordo do Pleno do 28-7-2005 polo que se aprobou a solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras incluídas no proxecto TRAVESÍA NA E.P. 3109 VILABOA A PEIRO POR TARRÍO PK 0,000 AO 3,120 (1ª fase) (0511300017.0) (CÓDIGO DO PROXECTO DE GASTOS 2005P0012)

3. Someter a información pública o presente acordo mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

13.- DESISTENCIA DE EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO PROXECTO E SOLICITUDE DA URXENTE OCUPACIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 0205 DO PK. 7,850 AO 11,200 DE BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA (TEO), INCLUÍDA NA 5ª RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1. Desistir do acordo plenario do 23-2-2006 polo que se aprobaron os proxectos incluídos NA QUINTA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008, no que se inclúe o proxecto de execución de obras AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0205 DO P.K. 7,850 AO P.K. 11,200 DE BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA (TEO), toda vez que se terá que modificar o citado proxecto, á vista da solicitude presentada polo Concello de Teo, no sentido da eliminación da variante de Espasande entre o PK 0,940 e o PK 1,500 e que recolla o ensanche da estrada existente no tramo entre a orixe e o final da variante de Espasande, aproveitando o trazado existente.

2. Así mesmo, desistir do acordo de Pleno do 23-2-2006 polo que se aprobou a solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras incluídas no proxecto AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0205 DO P.K. 7,850 AO P.K. 11,200 DE BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA (TEO)

3. Someter a información pública o presente acordo mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

14.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE REMISIÓN DE DOCUMENTACIÓN A QUE SE REFIRE A BASE 3ª DO PLAN DE TRAVESÍAS RELATIVA AOS CONCELLOS DA LARACHA (TRAVESÍA E SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0513 PAIOSACO CAIÓN TRAMO DA TORRE), TORDOIA (TRAVESÍA NA E.P. 8401 TABLILLA-AGRODOMESTRE O PETÓN E PONTEPEDRA) E OROSO (PROLONGACIÓN DA TRAVESÍA AVDA. DE GRABANXA EN SIGÜEIRO).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Conceder un prazo de 20 días contados desde a notificación do presente acordo para que o Concello da Laracha e Tordoia remitan a documentación das bases 3.2.:

A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.

A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes de expropiación, tanto en fase de prezo xusto determinada pola deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, facultando á deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión de recadación exercida pola deputación por delegación do concello.

2.- Conceder un prazo de 20 días contados desde a notificación do presente acordo para que o Concello de Oroso lle remita a esta deputación:

A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.

A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes de expropiación, tanto en fase de prezo xusto determinada pola deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, facultando á deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión de recadación exercida pola deputación por delegación do concello.

Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterá unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter medianamente orientativo por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.

B) Certificación do Pleno da Corporación municipal na que consten os seguintes acordos:

- a) Aprobación do proxecto e autorización á deputación para executar as obras na que se fará constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.
- b) Conformidade coas presentes bases.
- c) Compromiso de aceptación da entrega das obras unha vez recibidas pola deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.
- d) Delegación no alcalde-presidente para formalizar o correspondente convenio.

Todo iso para os efectos de sometelo, unha vez solucionado o trámite da remisión da documentación, novamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación provisional.

No caso de non remitirse a documentación requirida no prazo fixado archivarase o expediente.”

15.- APROBAR INICIALMENTE O PLAN DE TRAVESÍAS 2006, 2ª FASE DAS OBRAS DE MELLORA DE ILUMINACIÓN PÚBLICA NA E.P. 4307 MALPICA A PONTECESO ENTRE OS PK. 0,8 AO 5,48 (MALPICA) E A REALIZACIÓN DA TRAVESÍA NO LUGAR DE DUMBRÍA 1ª FASE (DUMBRÍA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2006 2ª FASE cun orzamento total de 533.790,22.- euros e que son as que deseguido se detallan

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
06.1130.0005.0	MELLORA DE ILUMINACIÓN PÚBLICA NA E.P. 4307 MALPICA A PONTECESO ENTRE OS PK 0,8 AO 5,48 (MALPICA)	134.854,62
06.1130.0006.0	REALIZACIÓN DA TRAVESÍA NO LUGAR DE DUMBRÍA 1ª FASE (DUMBRÍA)	398.935,60
TOTAL.....		533.790,22

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, que non xera, polo tanto, ningún compromiso económico nin de execución para a deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprrobe definitivamente o plan ou a correspondente fase del.

2) Remitir os citados proxectos aos concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación á que se refire a base 3ª das Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2004-2007, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 28-4-2005 (BOP 107/12-5-2005).”

16.- VALIDACIÓN DE ACTUACIÓN NA EXECUCIÓN DA OBRA DO PLAN 2000 LIQUIDACIÓN RECUPERACIÓN DA ARQUITECTURA POPULAR “RESTAURACIÓN REITORAL IGREXA SANTIAGO MENS” CONCELLO MALPICA DE BERGANTIÑOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Validar as actuacións levadas a cabo polo Concello de Malpica de Bergantiños verbo da obra do Plan de liquidación de 2000 de recuperación da arquitectura popular “Restauración.reitoral.igreja.Santiago Mens” (Malpica de Bergantiños) cód. 99.4100.0064.0 PAP, presupostada na cantidade de 58.005,25.- euros.

2.- O financiamento da obra correspóndelle integramente á deputación e será imputada á partida 0305/469.A/762.31 do presuposto da Corporación.

3.- Establecer, con carácter excepcional, un prazo, que finalizará o próximo 30 de marzo do 2007, para dar por xustificada perante a deputación, a execución da totalidade das obras do Plan de liquidación de 2000 de recuperación da arquitectura popular.”

17.- TOMA DE COÑECEMENTO DO PROXECTO INTERREG III A “CULTURNOVA”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A Comisión

1.- Toma coñecemento da aprobación definitiva pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, do Ministerio de Economía e Facenda, no marco do Programa de Iniciativa Comunitaria Interreg III–A España-Portugal, do proxecto CULTURNOVA, que se ha desenvolver entre a Deputación da Coruña, xefe de fila no proxecto, e a Cámara Municipal de Viana de Castelo, pola que se acorda a concesión dunha achega FEDER de 250.000 €.

2.- Faculta ao presidente para realizar as xestións necesarias para a posta en marcha do proxecto Culturnova co seguinte orzamento:

Achega de Deputación da Coruña	66.666,66 €
Achega da Cámara Municipal de Viana do Castelo	16.666,67 €
Contribución comunitaria (FEDER)	250.000,00 €
Orzamento total do proxecto	333.333,33 € “

18.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS PARA COOPERACIÓN INTERNACIONAL E CENTRO GALEGOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A.- Federación Mundo Cooperante

1.- Outorgar á entidade "Federación Mundo Cooperante", unha subvención nominativa por importe de **6.533 €**, coa finalidade de financiar un proxecto de mellora do proceso de formación na área de tecnoloxía informática para nenas e adolescentes fillas de traballadoras sexuais do barrio de Kalighat, en Calcuta-India, o que equivale a unha achega provincial do 100% do presuposto subvencionado de gastos.

2.- Excepcionar a aplicación da Base 48ª das do Orzamento Xeral para 2006, ao superar a achega provincial o 80% do orzamento subvencionado de gastos, motivado pola precaria situación económica e asistencial na que está sumida a organización non governamental Federación Mundo Cooperante, cuxa principal fonte de recursos económicos procede das achegas públicas, así como na situación de desamparo na que se encontran as menores afectadas,.

3.- Aprobar o convenio que se acompaña de seguido, no que se concretan os puntos do compromiso da achega provincial.

4.- Facultar ao presidente da Corporación para a sinatura e execución do correspondente convenio.

" CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A FEDERACIÓN MUNDO COOPERANTE, PARA MELLORAR O PROCESO DE FORMACIÓN NA ÁREA DA TECNOLOXÍA INFORMÁTICA PARA NENAS E ADOLESCENTES FILLAS DE TRABALLADORAS SEXUAIS DO BARRIO DE KALIGHAT, EN CALCUTA-INDIA

A Coruña,de.....de 2006

REUNIDOS

Dunha parte, Don Salvador Fernández Moreda, que intervéen neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña e actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, Don Sergio Carmona Franco, DNI 8.037.701-E, que intervéen neste acto en nome e representación da FEDERACIÓN MUNDO COOPERANTE, CIF G-82622903, con domicilio para os efectos de notificacións na Avda. de Portugal, 101, CP 28011, Madrid.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

Primeiro.- O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión celebrada o día ... de de 2006, aprobou a subscripción dun convenio coa FEDERACIÓN MUNDO COOPERANTE, para mellorar o proceso de formación na área da tecnoloxía informática para nenas e adolescentes fillas de traballadoras sexuais do barrio de Kalighat, en Calcuta – India, colaborando no financiamento do dito proxecto coa achega de 6.533 €.

Segundo.- A Federación Mundo Cooperante, é unha entidade sen ánimo de lucro, de cooperación ao desenvolvemento, que traballa principalmente a favor da infancia en situación de dificultade extrema, segundo o artigo 7 dos seus estatutos, e consta inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co número 2.145.

Terceiro.- A Federación Mundo Cooperante promove na India o citado programa, a través da súa contraparte local, a "Asociación New Light", executora directa deste. A devandita asociación participa igualmente do carácter de entidade sen ánimo de lucro, cuxo principal obxectivo é a loita polos dereitos da infancia máis desfavorecida na India, centrando a súa atención no apoio ás nenas e adolescentes de barrios marxinais, evitando desta forma que caian nas redes de prostitución que operan nestas áreas.

Cuarto.- A achega da Deputación está orientada a financiar a adquisición de equipamento e mobiliario para pór en funcionamento un taller produtivo de carácter formativo-ocupacional na área da informática, o que permitirá capacitar ás menores nas novas tecnoloxías. O citado taller estará situado no fogar para nenas "Soma Memorial", que xestiona a Asociación New Light, no barrio de Kalighat, Calcuta-India.

Por todo iso, acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Mellorar o proceso de formación na área da tecnoloxía informática para nenas e adolescentes fillas de traballadoras sexuais do barrio de Kalighat, en Calcuta – India, mediante a adquisición de equipamento e mobiliario para pór en funcionamento un taller produtivo de carácter formativo-ocupacional que permitirá capacitar ás menores nas novas tecnoloxías. O dito taller estará situado no fogar para nenas "Soma Memorial", que xestiona a Asociación New Light, no barrio de Kalighat, Calcuta-India.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña comprométese a achegar a cantidade de SEIS MIL QUIÑENTOS TRINTA E TRES EUROS (6.533 €), para financiar o 100% dos gastos relacionados co proxecto cun orzamento total de 6.533 €, que se detalla nos seguintes conceptos:

Equipamento informático, por importe de 4.238 €:

- 6 Ordenadores (3.186 €)
- 1 Escáner (70 €)
- 1 Impresora matricial (150 €)

- 1 Impresora Desk Jet (70 €)
- Instalación e rede Lan (360 €)
- Accesorios ordenador (300 €)
- Instalación eléctrica (102 €)

Mobiliario, por 1.843 €:

- 2 Móbeis con caixóns (295,80 €)
- 1 Mesa para ordenadores (116 €)
- 6 Cadeiras para ordenadores (274,80 €)
- 6 Mesas individuais (526,80 €)
- 1 Mesa de traballo (114,80 €)
- 1 Cadeira de traballo (82,80 €)
- 2 Encerados brancos (112 €)
- 1 Manual operativo (210 €)
- 1 Caderno e papel para cursos (110 €)

Director técnico, por 452 €

A Federación Mundo Cooperante, a través de contraparte local, Asociación New Light, comprométese a realizar as actuacións necesarias para que as adquisicións obxecto do proxecto se desenvolvan durante o ano 2006/2007, comprobando, así mesmo, a súa posta en funcionamento.

No caso de que a prestación non se realice pola propia entidade, esta comprométese, de conformidade co disposto polo artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, con carácter previo á realización das obras, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, escollendo de entre as recibidas a que resulte máis adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía, polo que se deberá xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da deputación materializarase en 2 prazos, mediante transferencia bancaria á conta designada pola Federación Mundo Cooperante.

O primeiro prazo, por importe do 50%, por importe de 3.266,50 €, á sinatura do convenio, logo da presentación de garantía suficiente, nos termos sinalados na Base 48ª das de execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial da Coruña para 2006.

O segundo, polo 50% restante, logo da presentación da seguinte documentación:

- Informe do representante legal no que se indiquen as actuacións realizadas e os gastos efectuados.
- Certificación detallada de gastos.
- Facturas, nóminas, recibos e outras pezas xustificativas de gastos realizados na prestación de servizos previsto no programa.

As transferencias bancarias correspondentes materializaranse logo dos informes do Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e da Intervención de Fondos Provinciais. Dos pagamentos efectuados darase conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación.

A Federación Mundo Cooperante acreditará documentalmente estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais coa Facenda Pública estatal e a Seguridade Social. A acreditación de estar ao corrente coas obrigas fiscais coa deputación determinarase de oficio pola propia deputación, a través do seu Servizo Provincial de Recadación.

Para a realización do pagamento do segundo prazo dos previstos, a deputación queda autorizada para solicitar, en nome da Federación Mundo Cooperante, as acreditacións mencionadas no parágrafo anterior.

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionábel xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á deputación. Todos os pagamentos que realice a deputación serán en moeda euro.

A Federación Mundo Cooperante, comprométese a pór en coñecemento da deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida que a axuda percibida minore o custo do proxecto financiado.

Non obstante o previsto para o sistema de pagamentos, a Federación Mundo Cooperante poderá solicitar, por razóns de excepcional interese, o aboamento da achega provincial correspondente á documentación xustificativa presentada. En ningún caso a achega provincial excederá do 100% do importe xustificado.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor desde o día da súa sinatura ata a terminación da actividade obxecto de financiamento. En ningún caso o convenio subministrará efectos máis alá do 31 de decembro de 2007.

QUINTA: INTERPRETACIÓN

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraraas, interpretaas e resolveraas motivadamente a Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estime oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas ao foro xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que fosen competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Será causa de resolución do presente convenio e dará lugar, se é o caso, ao reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento das cláusulas nel establecidas.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintas dos nel determinados.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades percibidas.

No caso de se solicitar o reintegro, a aplicación dos xuros de mora correspondentes non procederá cando o incumprimento obedecese a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

Para todo o non previsto no presente convenio estarase ao disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións.

E en proba da plena, voluntaria e irrestrita conformidade dos intervinientes coa totalidade das estipulacións arriba consignadas, ambos os dous asinan e rubrican o presente instrumento convencional, por exemplar duplicado, con lugar e data do seu encabezamento."

B.- ASOCIACIÓN BENÉFICA PROVINCIA DA CORUÑA, DE CARACAS - VENEZUELA

1.- Outorgarlle á entidade "Asociación Benéfica Provincia da Coruña", de Caracas-Venezuela, unha subvención nominativa por importe de **18.000 €**, coa finalidade de financiar gastos relativos á asistencia médica dos asociados da entidade, o que equivale a unha achega provincial do 100% do presuposto subvencionado de gastos.

2.- Excepcionar a aplicación da Base 48ª das do Orzamento Xeral para 2006, ao superar a achega provincial o 80% do orzamento subvencionado de gastos, motivado pola precaria situación económica e asistencial na que están sumidos a maior parte dos centros galegos radicados en países latinoamericanos, principios vínculos de unión, en moitos casos únicos, dos galegos coa súa terra de orixe.

3.- Aprobar o convenio que se acompaña deseguido, no que se concretan os puntos do compromiso da achega provincial.

4.- Facultar ao presidente da Corporación para a sinatura e execución do correspondente convenio.

" CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN BENÉFICA PROVINCIA DA CORUÑA DE CARACAS (VENEZUELA) PARA A PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE ATENCIÓN MÉDICA

A Coruña, XX de XXX de 2006

REUNIDOS

Dunha parte *D.Salvador Fernández Moreda*, que intervén neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, e actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, *D. Juan Antonio Oti Louza*, que intervén neste acto en nome e representación da Sociedade Civil "Asociación Benéfica Provincia da Coruña", cuxo domicilio social está na Avenida de Urbaneta, A Candelaria, da cidade de Caracas (Venezuela), entidade sen ánimo de lucro constituída ao abeiro da lexislación da República de Venezuela, e que actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo co artigo 43 e 44 dos seus Estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro: A Deputación da Coruña, en adiante deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre as súas fins propias e específicas garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

A Asociación Benéfica Provincia da Coruña é unha institución privada sen fins de lucro de carácter benéfico, constituída para a protección e socorro mutuo entre os asociados, entre cuxas fins figura a de promover, fomentar e desenvolver actividades de carácter cultural, deportivo, recreacional, coa finalidade de

obter fondos que entón deberán traducirse en beneficios asistenciais, de previsión e axuda en xeral para os membros da asociación.

Segundo.- As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, a súa cidadanía e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están afastados da súa terra.

Terceiro.- A problemática situación económica e social pola que están a atravesar a maioría dos países latinoamericanos, en especial a de Venezuela, trae consigo que moitos dos cidadáns galegos que neles residen estean a vivir unha insostíbel situación de precariedade económica e asistencial.

Cuarto.- Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades procurar unha mellor calidade de vida para aqueles que están máis necesitados, prestando especial atención ao colectivo da terceira idade, xa que é este colectivo que máis sofre as consecuencias das crises económicas e, en moitos casos, lles impide dispor dos medios para garantir a súa cobertura asistencial mínima.

É por iso que ambas as dúas entidades, estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir unha calidade de vida mínima para a comunidade galega no exterior, acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Prestar asistencia médica aos socios da Asociación Benéfica Provincia da Coruña que se encontren en situación de precariedade económica.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña comprométese a achegar a cantidade de 18.000€ para asegurar a asistencia médica aos socios da asociación que a necesiten, que supón o 100% do custo da actividade.

A Asociación Benéfica comprométese a realizar as actuacións necesarias para que os servizos de asistencia médica se presten adecuadamente ás persoas máis necesitadas e con menos posibilidades económicas, subscribindo no seu nome os seguros médicos correspondentes durante o período, que como mínimo, poida financiarse coa axuda provincial. Estimándose o custo mensual do seguro médico en 120€, beneficiaranse directamente desta axuda 150 persoas durante un mes ou 50 durante 1 trimestre.

A entidade beneficiaria comprométese, de conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, con carácter previo á subscrición dos aseguramentos médicos, un mínimo de tres ofertas de diferentes entidades aseguradoras, escollendo de entre as recibidas a que resulte máis adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía, e debendo xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da deputación materializarase mediante as seguintes transferencias bancarias á conta designada pola entidade:

1ª transferencia: 4.500€ (25% do total a chegar) á sinatura do convenio. Logo da transferencia, a entidade remitiralle á deputación garantía suficiente equivalente ao importe anticipado.

2ª transferencia: 4.500€ (25% do total a chegar) á recepción da xustificación acreditativa da prestación dos servizos de atención médica no período de referencia e gasto íntegro de, como mínimo, 4.500€.

3ª transferencia: 4.500€ (25% do total a chegar) á recepción da xustificación acreditativa da prestación dos servizos de atención médica durante o período de referencia e gasto íntegro de, como mínimo, 4.500€.

4ª transferencia: 4.500€ (25% do total a chegar) á recepción da xustificación acreditativa da prestación dos servizos de atención médica durante o período de referencia e gasto íntegro de, como mínimo, 4.500€.

En todo caso, a solicitude da 4ª e última transferencia realizarase antes do 31 de decembro de 2007.

A última transferencia xustificaraa a Asociación Benéfica no prazo de 45 días contados desde a recepción material daquela. Coa proposta de aprobación da última xustificación poderá tramitarse a proposta de cancelación da garantía constituída.

Non obstante o indicado para o sistema de pagamentos, a entidade beneficiaria poderá optar por remitir con carácter previo a cada pagamento a documentación xustificativa correspondente, en cuxo caso non terá obriga de prestar a garantía mencionada. De optar por non presentar garantía suficiente para o cobro do 1º prazo e presentar a xustificación dos gastos correspondentes no último pagamento que se ha realizar, deberán xustificar unicamente gastos por importe dos últimos 4.500 euros.

A Asociación Benéfica comprométese a remitir como documentación xustificativa de prestación dos servizos de atención médica:

- Informe do presidente da entidade no que se detallen as actuacións realizadas no período de referencia e se identifiquen as persoas beneficiadas pola axuda.
- Factura/as e/ou recibo/s de pólizas de seguros médicos emitidos pola ou as entidades que presten os servizos de atención médica correspondentes

As correspondentes transferencias bancarias materializaranse logo dos informes previos do servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión europea, Patrimonio e Contratación e Intervención de Fondos Provinciais.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos financiados, minorarase a achega da deputación, e aboarase o 100% da cantidade realmente xustificada.

A entidade deberá presentar declaración de estar ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionábel xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á deputación. Todos os pagamentos que realice a deputación serán en moeda euro.

A falta de xustificación en prazo, sen que medie solicitude de prórroga, dará lugar ao reintegro do importe percibido e non xustificado conforme ao disposto na cláusula sexta.

A Asociación Benéfica comprométese:

A comunicar a todos os seus socios o financiamento da asistencia médica aos asociados con cargo aos orzamentos da Deputación Provincial da Coruña.

A pór en coñecemento da deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida que a axuda percibida minore o custo da asistencia financiada.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO.

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente convenio estará en vigor desde o día da súa sinatura ata o cumprimento do seu obxecto. Agás circunstancias debidamente xustificadas, o convenio non subministrará efectos máis alá do 31 de decembro de 2007.

QUINTA: INTERPRETACIÓN.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraraas, interpretaraas e resolveraas motivadamente a Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estime oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas ao foro xurisdicional dos órganos da Administración de Xustiza que fosen competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente de resolución deste.

A Asociación Benéfica deberá reintegrarlle ao erario provincial aquelas cantidades que percibidas con carácter previo á realización da actividade financiada, non fosen adecuadamente xustificadas. A aplicación dos xuros de mora correspondentes non procederá cando o incumprimento obedecese a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do de de dous mil seis.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento."

C.- FOGAR GALEGO PARA ANCIÁNS DA REPÚBLICA ARXENTINA

1.- Outorgarlle á entidade "Fogar Galego para Anciáns da República Arxentina", unha subvención nominativa por importe de **16.000 €**, coa finalidade de financiar o mantemento do persoal do fogar de acollida Domselaar, de persoas maiores que se atopan en situación de precariedade económica, o que equivale a unha achega do 100% do presuposto subvencionado de gastos.

2.- Excepcionar a aplicación da Base 48ª das do Orzamento Xeral para 2006, ao superar a achega provincial o 80% do orzamento subvencionado de gastos, motivado pola precaria situación económica e asistencial na que están sumidos a maior parte dos centros galegos radicados en países latinoamericanos, principias vínculos de unión, en moitos casos únicos, dos galegos coa súa terra de orixe.

3.- Aprobar o convenio que se acompaña deseguido, no que se concretan os puntos do compromiso da achega provincial.

4.- Facultar ao presidente da Corporación para a sinatura e execución do correspondente convenio.

" CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O FOGAR GALEGO PARA ANCIÁNS DE BOS AIRES (ARXENTINA) PARA O MANTEMENTO DO PERSOAL DO FOGAR DE ACOLLIDA DE PERSOAS MAIORES

A Coruña, XX de XXX de 2006

REUNIDOS

Dunha parte *D.Salvador Fernández Moreda* , que intervéen neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, *D. Rafael Gil Malvido* , que intervéen neste acto en nome e representación da Sociedade Civil "Fogar Galego para Anciáns", cuxo domicilio social está na Avenida Moreno 1270 da cidade de Bos Aires (Arxentina), entidade sen ánimo de lucro constituída en 1.943 ao abeiro da lexislación da República de Arxentina, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo co artigo dos seus estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro: A Deputación da Coruña, en adiante deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre as súas fins propias e específicas garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

O Fogar Galego para Anciáns, en adiante Fogar Galego, é unha institución privada sen fins de lucro de carácter benéfico, constituída para a protección e socorro mutuo entre os asociados, entre cuxas fins figura o de prestar labor asistencial, de previsión e axuda en xeral para as persoas maiores.

Segundo: As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, a súa cidadanía e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están afastados da súa terra.

Terceiro: A problemática situación económica e social pola que están a atravesar a maioría dos países latinoamericanos, incluída Arxentina, trae consigo que moitos dos cidadáns galegos que neles residen estean a vivir unha insostíbel situación de precariedade económica e asistencial.

Cuarto: Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades procurar unha mellor calidade de vida para aqueles que están máis necesitados, prestando especial atención ao colectivo da terceira idade, xa que é este colectivo o que máis sofre as consecuencias das crise económicas e, en moitos casos, lles impide dispor dos medios para garantir a súa cobertura asistencial mínima.

É por iso que ambas as dúas entidades, estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir unha calidade de vida mínima para a comunidade galega no exterior, acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Mantemento do persoal do fogar de acollida Domselaar de persoas maiores que estean en situación de precariedade económica.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña comprométese a achegar a cantidade de 16.000€ para asegurar o mantemento do persoal do servizo de acollida da residencia Domselaar durante un trimestre, 100% do custo da actuación que se ha financiar.

O Fogar Galego comprométese a que a residencia de acollida Domselaar realice a súa actividade atendendo adecuadamente ás persoas máis necesitadas e con menos posibilidades económicas. O orzamento estimado desta actividade é o seguinte:

Soldos do persoal da residencia Domselaar 1 trimestre: 16.000€ (inclúense os soldos de enfermeiras, asistentes xeriátricas, encargadas, oficiais de mantemento, lavadeiras, cociñeiras e persoal de oficina).

No suposto en que a prestación non a realice a propia asociación, esta comprométese, de conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, con carácter previo á realización da actividade, que se ha solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, escollendo de entre as recibidas a que resulte máis adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da deputación materializarase mediante as seguintes transferencias bancarias á conta designada pola entidade:

1ª transferencia: 8.000€ (50% do total a achegar) á sinatura do convenio. Logo da transferencia previa, a entidade remitiralle á deputación garantía suficiente equivalente ao importe anticipado.

2ª transferencia: 8.000€ (50% do total a achegar) á recepción da xustificación acreditativa dos gastos realizados na casa de acollida por importe superior a 16.000€. En todo caso, a solicitude da 2ª e última transferencia realizarase antes do 31 de decembro de 2007.

A última transferencia xustificaraa o Fogar Galego para Anciáns no prazo de 45 días contados desde a recepción material daquela. Coa proposta de aprobación da última xustificación poderá tramitarse a proposta de cancelación da garantía constituída.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos financiados, minorarase a achega da deputación, e aboarase o 100% da cantidade realmente xustificada.

Non obstante o indicado para o sistema de pagamentos, a entidade beneficiaria poderá optar por remitir con carácter previo a cada pagamento a documentación xustificativa correspondente. De optar por non presentar garantía suficiente para o cobro do primeiro prazo e presentar a xustificación dos gastos correspondentes, no último pagamento que se ha realizar deberán xustificar unicamente gastos por importe dos últimos 8.000 euros.

O Fogar Galego comprométese a remitir como documentación xustificativa de prestación dos servizos:

Informe do presidente da entidade no que se identifiquen as persoas beneficiadas pola axuda e os gastos realizados.

Nóminas, recibos e outras pezas xustificativas de gastos realizados na prestación de servizos na Casa de Acollida.

As correspondentes transferencias bancarias materializaranse logo dos informes previos do servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión europea, Patrimonio e Contratación e Intervención de Fondos Provinciais.

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionábel xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á deputación. Todos os pagamentos que realice a deputación serán en moeda euro.

O Fogar Galego comprométese a:

1º: Comunicar a todos os seus socios o financiamento da actividade con cargo aos orzamentos da Deputación Provincial da Coruña, deixando constancia pública diso á súa finalización.

2º: Pór en coñecemento da deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida en que a axuda percibida minore o custo da obra financiada. A achega da deputación non poderá superar, en concorrencia con outros ingresos, o importe total dos gastos realizados.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente convenio estará en vigor en 2006 ata a terminación da actividade obxecto de financiamento. Agás circunstancias debidamente xustificadas, o convenio non subministrará efectos máis alá do 31 de decembro de 2007.

QUINTA: INTERPRETACIÓN

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraraas, interpretaraas e resolveraas motivadamente a Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estime oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas ao foro xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que fosen competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente de resolución deste.

O Fogar Galego para Anciáns deberá reintegrarlle ao erario provincial aquelas cantidades que percibidas con carácter previo á realización da actividade financiada, non fosen adecuadamente xustificadas. A aplicación dos xuros de mora correspondentes non procederá cando o incumprimento obedecese a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do de de dous mil seis.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio por exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento."

D.- FOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO-URUGUAI

1.- Outorgarlle á entidade "Fogar español de Montevideo-Uruguai", unha subvención nominativa por importe de **16.000 €**, coa finalidade de financiar a adaptación dun vehículo para transporte de persoas con mobilidade reducida, o que equivale a unha achega do 100% do presuposto subvencionado de gastos.

2.- Excepcionar a aplicación da Base 48ª das do Orzamento Xeral para 2006, ao superar a achega provincial o 80% do orzamento subvencionado de gastos, motivado pola precaria situación económica e asistencial na que están sumidos a maior parte dos centros galegos radicados en países latinoamericanos, principias vínculos de unión, en moitos casos únicos, dos galegos coa súa terra de orixe.

3.- Aprobar o convenio que se acompaña deseguido, no que se concretan os puntos do compromiso da achega provincial.

4.- Facultar ao presidente da Corporación para a sinatura e execución do correspondente convenio.

" CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O FOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO (URUGUAI) PARA A ADAPTACIÓN DUN VEHÍCULO PARA TRANSPORTE DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

A Coruña, XX de XXX de 2006

REUNIDOS

Dunha parte *D.Salvador Fernández Moreda*, que intervéen neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, e actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, *D.Benito Grande Quintana*, que intervéen neste acto en nome e representación da Asociación Civil de Beneficencia "Fogar Español", cuxo domicilio social está na Avenida das Instrucións 981, da cidade de Montevideo (Uruguai), entidade sen ánimo de lucro constituída ao abeiro da lexislación da República Oriental do Uruguai, e actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo co artigo 32 dos seus Estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro: A Deputación da Coruña, en adiante deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre as súas fins propias e específicas garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

O Fogar Español de Montevideo (Uruguai) é unha institución privada sen fins de lucro, constituída para atender os españois nativos, anciáns e desamparados de familiares. Entre as súas fins figura asilar anciáns impossibilitados para o traballo e carentes de medios de subsistencia e parentes que poidan mantelos; resolver os problemas da ancianidade entre os españois nativos, prestando os servizos necesarios que requira a súa atención.

Segundo: As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, a súa cidadanía e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están afastados da súa terra.

Terceiro: A problemática situación económica e social pola que están a atravesar a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitos dos cidadáns galegos que neles residen estean a vivir unha insostíbel situación persoal de precariedade económica e asistencial.

Cuarto: Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades procurar unha mellor calidade de vida para aqueles que están máis necesitados, prestando especial atención ao colectivo da terceira idade, xa que é este colectivo o que máis sofre as consecuencias das crises económicas e, en moitos casos, lles impide dispor dos medios para garantir a súa cobertura asistencial mínima.

É por iso que ambas as dúas entidades, estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir unha calidade de vida mínima para a comunidade galega no exterior, acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Adaptación dun vehículo para transporte de persoas con mobilidade reducida que dea prestacións asistenciais aos socios da entidade beneficiaria.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña comprométese a achegar a cantidade de 16.000 euros para a adaptación dun vehículo para transporte de persoas con mobilidade reducida, 100% do custo da actuación a financiar.

O Fogar Español comprométese a realizar a actividade financiada, orzada en 16.000€, observando o disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, con carácter previo á realización das obras, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, escollendo de entre as recibidas a que resulte

máis adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da deputación materializarase mediante as seguintes transferencias bancarias á conta designada pola entidade:

1ª transferencia: 8.000€ (50% do total a achegar) á sinatura do convenio. Logo da transferencia previa, a entidade remitiralle á deputación garantía suficiente equivalente ao importe anticipado.

2ª transferencia: 8.000€ (50% do total a achegar) á recepción da xustificación acreditativa da realización dun importe de obra equivalente ou superior a 8.000€.

En todo caso, a solicitude da 2ª e última transferencia realizarase antes do 31 de decembro de 2007.

A última transferencia xustificaraa o Fogar Español no prazo de 45 días contados desde a recepción material daquela. Coa proposta de aprobación da última xustificación poderá tramitarse a proposta de cancelación da garantía constituída.

Non obstante o indicado para o sistema de pagamentos, a entidade beneficiaria poderá optar por remitir con carácter previo a cada pagamento a documentación xustificativa correspondente, en cuxo caso non terá obriga de prestar a garantía mencionada. De optar por non presentar garantía suficiente para o cobro do 1º prazo e presentar a xustificación dos gastos correspondentes no último pagamento que se han realizar deberán xustificarse unicamente gastos por importe dos últimos 8.000 euros.

O Fogar Español comprométese a remitir como documentación xustificativa da realización da obra:

- Informe do presidente da entidade.

- Factura ou facturas, ou outros documentos de valor probatorio equivalente, emitidas pola empresa ou empresas responsábeis da realización da obra

As correspondentes transferencias bancarias materializaranse logo dos informes previos do servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e Intervención de Fondos Provinciais.

A entidade deberá presentar declaración de estar ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionábel xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á deputación. Todos os pagamentos que realice a deputación serán en moeda euro.

O Fogar Español comprométese:

-Comunicar a todos os seus socios o financiamento da obra con cargo aos orzamentos da Deputación da Coruña, deixando constancia pública diso á finalización desta.

- Pór en coñecemento da deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida que a axuda percibida minore o custo da obra financiada.

- Destinar o ben á fin concreta para a que se concedeu a subvención, que non poderá ser inferior a cinco anos. O incumprimento da obriga de destino será causa de reintegro da subvención percibida nos termos establecidos na lei.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos financiados, minorarase a achega da deputación, e aboarase o 100% da cantidade realmente xustificada.

A falta de xustificación en prazo, sen que medie solicitude de prórroga, dará lugar ao reintegro do importe percibido e non xustificado conforme ao previsto na cláusula sexta.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor desde o día da súa sinatura ata o cumprimento do seu obxecto. Agás circunstancias debidamente xustificadas, o convenio non subministrará efectos máis alá do 31 de decembro de 2007.

QUINTA: INTERPRETACIÓN

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraraas, interpretaraas e resolveraas motivadamente a Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estime oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas ao foro xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que fosen competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente da súa resolución.

O Fogar Español deberá reintegrarlle ao erario provincial aquelas cantidades que percibidas con carácter previo á realización da actividade financiada, non fosen adecuadamente xustificadas. A aplicación dos xuros de mora correspondentes non procederá cando o incumprimento obedecese a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do de de dous mil seis.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento."

E.- CENTRO GALEGO DE XUBILADOS E PENSIONADOS DA REPÚBLICA ARGENTINA

1.- Outorgarlle á entidade "Centro Galego de Xubilados e Pensionados da República Arxentina", unha subvención nominativa por importe de **10.795 €**, coa finalidade de financiar un proxecto de equipamento do seu centro social para achegar os asociados ás novas tecnoloxías, o que equivale a unha achega do 100% do presuposto subvencionado de gastos.

2.- Excepcionar a aplicación da Base 48ª das do Orzamento Xeral para 2006, ao superar a achega provincial o 80% do orzamento subvencionado de gastos, motivado pola precaria situación económica e asistencial na que están sumidos a maior parte dos centros galegos radicados en países latinoamericanos, principias vínculos de unión, en moitos casos únicos, dos galegos coa súa terra de orixe.

3.- Aprobar o convenio que se acompaña deseguido, no que se concretan os puntos do compromiso da achega provincial.

4.- Facultar ao presidente da Corporación para a sinatura e execución do correspondente convenio.

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CENTRO GALEGO DE XUBILADOS E PENSIONISTAS DA REPÚBLICA ARXENTINA, PARA FINANCIAR UN PROXECTO DE EQUIPAMENTO DO CENTRO SOCIAL PARA ACHEGAR AOS ASOCIADOS ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS.

A Coruña, XX de XXX de 2006

REUNIDOS

Dunha parte *D.Salvador Fernández Moreda*, que intervéen neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, e actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, *Perfecto Marcote Marcote*, que intervéen neste acto en nome e representación do Centro Galego de Xubilados e Pensionistas da República Arxentina, cuxo domicilio social está na rúa 25 de maio, 462, cidade de Avellaneda, Bos Aires (Arxentina), e actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo cos seus estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro.- A Deputación da Coruña, en adiante deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre as súas fins propias e específicas garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

O Centro Galego de Xubilados e Pensionistas da República Arxentina, en adiante Centro Galego, é unha institución privada sen fins de lucro, constituída en 1992, ao abeiro da lexislación da República Arxentina, para a mellora da calidade de vida, especialmente dos pensionistas e xubilados galegos residentes no dito país.

Segundo.- As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, a súa cidadanía e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están afastados da súa terra.

Terceiro.- A problemática situación económica e social pola que están a atravesar a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns galegos estean a vivir unha insostíbel situación de precariedade económica e asistencial, que os mantén na marxe da evolución da cultura, especialmente da galega.

Cuarto.- É finalidade común a ambas as dúas entidades procurar a pervivencia das entidades asociativas galegas co afán de axudar a mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente para aqueles que están máis necesitados, e promover a divulgación das novas tecnoloxías como medio para facilitar o acceso á cultura, e en particular á de raíces galegas.

É por iso que ambas as dúas entidades estiman conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior, acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Financiar un proxecto de equipamento do centro social do Centro Galego para achegar as novas tecnoloxías aos seus asociados.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A deputación comprométese a achegar a cantidade de 10.795 euros para financiar o obxecto do convenio, o que supón unha achega do 100% do orzamento subvencionado de gastos.

O Centro Galego para cumprir o obxecto do convenio comprométese a realizar a adquisición do seguinte material:

- 20 mesas redondas 3.230,77€
- 9 Nichos para pc's 717,95€
- 100 Cadeiras plásticas 461,50€
- 4 Computadoras completas 1.806,77€
- 1 Proxector 353,84€
- 4 Cámaras web 175,38€
- 1 Canón de proxección 1.997,51€
- Equipo de Audio 2.051,28€

Total 10.795,00€

O Centro Galego comprométese, de conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, con carácter previo á realización das adquisicións, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, escollendo de entre as recibidas a que resulte máis adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía, e deberase xustificar a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da deputación materializarase mediante a remisión á beneficiaria das seguintes transferencias bancarias á conta designada pola entidade:

1ª transferencia: 6.216,99€ (57,60% do total a achegar) á sinatura do convenio. Logo da transferencia previa, a entidade remitiralle á deputación ben garantía suficiente equivalente ao importe anticipado, ben xustificación acreditativa do importe que se ha trasferir.

2ª transferencia: 4.578,01€ (42,40% do total a achegar) á recepción da xustificación acreditativa dos gastos realizados por importe superior a 10.795 euros.

O Centro Galego comprométese a remitir como documentación xustificativa da realización do obxecto do convenio:

- Informe do presidente da entidade, no que se especifiquen as adquisicións realizadas.
- Facturas, recibos e outras pezas xustificativas das adquisicións realizadas

Coa proposta de aprobación da última xustificación poderá tramitarse a proposta de cancelación da garantía constituída.

Non obstante o indicado para o sistema de pagamentos, a entidade beneficiaria poderá optar por remitir con carácter previo ao 1º pagamento (1ª transferencia) a documentación xustificativa correspondente, en cuxo caso non terá obriga de presentar a garantía mencionada. De optar por non presentar garantía suficiente para o cobro do 1º pagamento e presentar a xustificación dos gastos correspondentes no último pagamento que se ha realizar, deberán xustificar unicamente gastos por importe dos últimos 4.578,01 euros.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da deputación, aboándose o 100% da cantidade realmente xustificada.

A falta de xustificación en prazo, sen que medie solicitude de prórroga, dará lugar ao reintegro do importe percibido e non xustificado conforme ao previsto na cláusula sexta.

As propostas de pagamento serán informadas polo servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea, Patrimonio e Contratación e Intervención Xeral.

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionábel xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á deputación. Todos os pagamentos que realice a deputación serán en moeda euro.

O Centro Galego comprométese:

1º: A comunicar a todos os seus socios o financiamento da adquisición con cargo aos orzamentos da Deputación Provincial da Coruña.

2º: A pór en coñecemento da deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida que a axuda percibida minore o custo das adquisicións financiadas. A achega da deputación non poderá superar, en concorrencia con outros ingresos, o importe total dos gastos realizados.

3º: A destinar os bens adquiridos con cargo á subvención provincial á finalidade indicada no presente convenio durante un prazo mínimo de dous anos. O incumprimento desta obriga de destino será causa de reintegro da subvención percibida.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará vigor desde a súa sinatura ata a terminación das adquisicións e equipamentos. Agás circunstancias debidamente xustificadas, o convenio non subministrará efectos máis alá do 31 de decembro de 2007.

QUINTA: INTERPRETACIÓN

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraraas, interpretaraas e resolveras motivadamente a deputación, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estime oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas ao foro xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que fosen competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente da súa resolución.

O Centro Galego deberá reintegrarlle ao erario provincial aquelas cantidades que percibidas con carácter previo á realización dos correspondentes pagamentos da adquisición, non fosen adecuadamente xustificadas. Non procederá a aplicación dos xuros de mora correspondentes ás cantidades que se ha reintegrar, cando o incumprimento obedecese a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do de de dous mil seis.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento."

F.- PADROADO DA CULTURA GALEGA

1.- Outorgarlle á entidade "Padroado da Cultura Galega", da República de Uruguai, unha subvención nominativa por importe de **42.000 €**, coa finalidade de financiar un proxecto de construción dunha sala multifuncional no novo local social da entidade, o que equivale a unha achega do 100% do presuposto subvencionado de gastos.

2.- Excepcionar a aplicación da Base 48ª das do Orzamento Xeral para 2006, ao superar a achega provincial o 80% do orzamento subvencionado de gastos, motivado pola precaria situación económica e asistencial na que están sumidos a maior parte dos centros galegos radicados en países latinoamericanos, principias vínculos de unión, en moitos casos únicos, dos galegos coa súa terra de orixe.

3.- Aprobar o convenio que se acompaña deseguido, no que se concretan os puntos do compromiso da achega provincial.

4.- Facultar ao presidente da Corporación para a sinatura e execución do correspondente convenio.

" CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O PADROADO DA CULTURA GALEGA DE MONTEVIDEO (URUGUAI) PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA SALA MULTIFUNCIONAL

A Coruña, XX de XXX de 2006

REUNIDOS

Dunha parte *D. Salvador Fernández Moreda*, que intervén neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, e actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, *Dna. María del Carmen Lorenzo*, que intervén neste acto en nome e representación do Padroado da Cultura Galega, cuxo domicilio social está na rúa Río Branco de Montevideo (Uruguai), entidade sen ánimo de lucro constituída, e actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo cos seus estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro: A Deputación da Coruña, en adiante deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre as súas fins propias e específicas garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, e en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

O Padroado da Cultura Galega é unha institución privada sen fins de lucro, constituída para o achegamento da colectividade galega ao pobo uruguaio. Entre as súas fins figura a defensa, difusión e incremento dos valores culturais de Galicia e acrecentar os vínculos entre os pobos galego e uruguaio.

Segundo: As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, a súa cidadanía e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están afastados da súa terra.

Terceiro: A problemática situación económica e social pola que están a atravesar a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns galegos estean a vivir unha insostíbel situación de precariedade económica.

Cuarto: Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades procurar a pervivencia das entidades asociativas galegas co afán de axudar a unha mellor calidade de vida, especialmente para aqueles que están máis necesitados, e mellorar a divulgación dos valores culturais galegos.

É por iso que ambas as dúas entidades, estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior, acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DE CONVENIO

Financiar a construción dunha sala multifuncional no novo local social situado na avenida Rondeau 1421 de Montevideo (Uruguai).

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A deputación comprométese a achegar a cantidade de 42.000€ para a construción dunha sala multifuncional no novo local social da entidade, 100% do custo da actuación que se ha financiar, conforme co proxecto técnico que se acompaña como anexo.

O Padroado da Cultura Galega comprométese a realizar a actividade financiada no novo local social de acordo co seguinte orzamento:

Demolición dunha área aproximada de 168m² de edificación existente da parte posterior do edificio (muros, teitos, entrepisos, etc.) para xerar espazos para a Sala de Actos.

Cubrición da área despexada cunha lousa de formigón prefabricada, apoiada en piares de formigón armado (teito ISODEC con estrutura metálica, autoportante acústico-atérmico).

A entidade beneficiaria comprométese, de conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, con carácter previo á realización das obras, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, escollendo de entre as recibidas a que resulte máis adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da deputación materializarase mediante as seguintes transferencias bancarias á conta designada pola entidade:

1ª transferencia: 10.500€ (25% do total a achegar) á sinatura do convenio. Logo da transferencia previa, a entidade remitiralle á deputación garantía suficiente equivalente ao importe anticipado.

2ª transferencia: 10.500€ (25% do total a achegar) á recepción da xustificación acreditativa do pagamento equivalente ou superior a 10.500€

3ª transferencia: 10.500€ (25% do total a achegar) á recepción da xustificación acreditativa do pagamento equivalente ou superior a 10.500€.

4ª transferencia: 10.500€ (25% do total a achegar) á recepción da xustificación acreditativa do pagamento equivalente ou superior a 21.000€.

En todo caso, a solicitude da 4ª e última transferencia realizarase antes do 31 de decembro de 2007.

A última transferencia xustificaraa o Padroado da Cultura Galega no prazo de 45 días, contados desde a recepción material daquela. Coa proposta de aprobación da última xustificación poderá tramitarse a proposta de cancelación da garantía constituída.

Non obstante o indicado para o sistema de pagamentos, a entidade beneficiaria poderá optar por remitir con carácter previo a cada pagamento a documentación xustificativa correspondente, en cuxo caso non terá obriga de prestar a garantía mencionada. De optar por non presentar garantía suficiente para o cobro do 1º prazo e presentar a xustificación dos gastos correspondentes no último pagamento que se ha realizar, deberán xustificar unicamente gastos por importe dos últimos 10.500 euros.

O Padroado da Cultura Galega comprométese a remitir como documentación xustificativa da realización da obra:

- Informe da Presidenta da entidade.
- Informe de execución de obra emitido por arquitecto ou técnico habilitado para iso.
- Factura ou facturas, ou outros documentos de valor probatorio equivalente, do gasto realizado.

As correspondentes transferencias bancarias materializaranse logo dos informes previos do servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea, Patrimonio e Contratación e Intervención de Fondos Provinciais.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos financiados, minorarase a achega da deputación, e aboarase o 100% da cantidade realmente xustificada.

A falta de xustificación en prazo, sen que medie solicitude de prórroga, dará lugar ao reintegro do importe percibido e non xustificado conforme ao previsto na cláusula sexta.

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionábel xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á deputación. Todos os pagamentos que realice a deputación serán en moeda euro.

O Padroado da Cultura Galega comprométese:

1º: A comunicar a todos os seus socios o financiamento da obra con cargo aos orzamentos da Deputación Provincial da Coruña, deixando constancia pública diso á súa finalización.

2º: A pór en coñecemento da Deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida que a axuda percibida minore o custo da obra financiada.

3º: A destinar o local reformado con cargo á subvención provincial á finalidade indicada no presente convenio durante un prazo mínimo de cinco anos. O incumprimento desta obriga de destino será causa de reintegro da subvención percibida.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO.

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente convenio estará en vigor desde o día da súa sinatura ata a terminación da obra que se ha financiar. Agás circunstancias debidamente xustificadas, o convenio non subministrará efectos máis alá do 31 de decembro de 2007.

QUINTA: INTERPRETACIÓN.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraraas, interpretaraas e resolveraas motivadamente a Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estime oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas ao foro xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que fosen competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente da súa resolución.

O Padroado da Cultura Galega deberá reintegrarlle ao erario provincial aquelas cantidades que percibidas con carácter previo á realización dos correspondentes pagamentos da adquisición, non fosen adecuadamente xustificadas.

Non procederá a aplicación dos xuros de mora correspondentes ás cantidades que se han reintegrar, cando o incumprimento obedecese a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do de de dous mil seis.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio por exemplar cuaduplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento."

G.- CENTRO SOCIAL E CULTURAL BERGANTIÑOS

- 1.- Outorgarlle á entidade "Centro social e cultural Bergantiños", de Montevideo-Uruguai, unha subvención nominativa por importe de **6.000 €**, coa finalidade de financiar un proxecto de reparación do centro social da entidade e para a adquisición de equipamento informático, o que equivale a unha achega provincial do 100% do presuposto subvencionado de gastos.
- 2.- Excepcionar a aplicación da Base 48ª das do Orzamento Xeral para 2006, ao superar a achega provincial o 80% do orzamento subvencionado de gastos, motivado pola precaria situación económica e asistencial na que están sumidos a maior parte dos centros galegos radicados en países latinoamericanos, principias vínculos de unión, en moitos casos únicos, dos galegos coa súa terra de orixe.
- 3.- Aprobar o convenio que se acompaña deseguido, no que se concretan os puntos do compromiso da achega provincial.
- 4.- Facultar ao presidente da Corporación para a sinatura e execución do correspondente convenio.

" CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ENTIDADE "CENTRO SOCIAL E CULTURAL BERGANTIÑOS", PARA FINANCIAR UN PROXECTO DE REPARACIÓN DO CENTRO SOCIAL E ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO.

A Coruña, XX de XXX de 2006

REUNIDOS

Dunha parte *D.Salvador Fernández Moreda* , que intervén neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, e actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, *Dna. Anabel García Idarreta* , que intervén neste acto en nome e representación da entidade "Centro Social e Cultural Bergantiños", cuxo domicilio social está na Avenida Millán, 4193, C.P. 12.900, Montevideo - Uruguai, actúa na súa calidade de presidenta e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo cos seus estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro.- A Deputación da Coruña, en adiante deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre as súas fins propias e específicas garantir os principios de solidariedade e equilibrio

intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

A entidade "Centro Social e Cultural Bergantiños", é unha institución privada sen fins de lucro, constituída ao abeiro da lexislación da República de Uruguai, para a mellora da calidade de vida dos galegos residentes en dito país.

Segundo.- As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, a súa cidadanía e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están afastados da súa terra.

Terceiro.- A problemática situación económica e social pola que están a atravesar a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns galegos estean a vivir unha insostíbel situación de precariedade económica e asistencial, que os mantén na marxe da evolución da cultura, especialmente da galega.

Cuarto.- Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades procurar a pervivencia das entidades asociativas galegas co afán de axudar a mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, a través da mellora das infraestruturas tecnolóxicas e de xestión da propia asociación.

É por iso que ambas as dúas entidades, estiman conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior, e acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Financiar un proxecto de reparación do centro social da entidade e a adquisición de equipamento informático.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña comprométese a achegar a cantidade de 6.000 euros, para financiar un proxecto de reparación do centro social da entidade e a adquisición de equipamento informático, o que supón unha achega do 100% do orzamento subvencionado de gastos.

A entidade "Centro Social e Cultural Bergantiños" comprométese a asumir a realización da reparación do centro social da entidade e a adquisición de equipamento informático con destino á sede da asociación, cun orzamento de gastos de 6.000,00 €, que se detalla no seguinte:

- Reparación teito livián do salón principal con compra de 12 chapas de ecopapel de 3,60mts longo x 1,01 mts. ancho 800,00€

- Impermeabilización da totalidade do salón principal con membrana de 4 mm nunha superficie de 190 m2 1.800,00€
- Reparación de fisuras e traballos de pintura no salón 940,00€
- Traballo de 3 operarios 1.082,00€
- Adquisición 3 PC en rede para sala informática 1.378,00€

A entidade beneficiaria comprométese, de conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, con carácter previo á realización da adquisición, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, escollendo de entre as recibidas a que resulte máis adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía, deberase xustificar a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da deputación materializarase mediante as seguintes transferencias bancarias á conta designada pola entidade:

1ª transferencia: 3.000€ (50% do total a achegar) á sinatura do convenio. Logo da transferencia previa, a entidade remitiralle á deputación garantía suficiente equivalente ao importe anticipado.

2ª transferencia: 3.000€ (importe restante), á recepción da xustificación acreditativa dos gastos realizados, polo importe total do convenio, sempre que se dese cumprimento total do seu obxecto.

Non obstante o indicado para o sistema de pagamentos, a entidade beneficiaria poderá optar por remitir con carácter previo ao primeiro pagamento (1ª transferencia) a documentación xustificativa correspondente, en cuxo caso non terá obriga de prestar a garantía mencionada. De optar por non presentar garantía suficiente para o cobro do primeiro prazo e presentar a xustificación dos gastos correspondentes, no último pagamento que han realizar deberán xustificar unicamente gastos por importe igual ou superior aos últimos 3.000 euros.

A entidade "Centro Social e Cultural Bergantiños" comprométese a remitir como documentación xustificativa da realización do obxecto do convenio:

- Informe do presidente da entidade.
- Facturas, recibos e outras pezas xustificativas das adquisicións e obras realizadas.

Coa proposta de aprobación da última xustificación poderá tramitarse a proposta de cancelación da garantía constituída.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o 100% da cantidade realmente xustificada.

A falta de xustificación en prazo, sen que medie solicitude de prórroga, dará lugar ao reintegro do importe percibido e non xustificicado, ao que se engadirá o correspondente xuro de mora, calculado desde a data da achega do primeiro prazo.

As correspondentes transferencias bancarias materializaranse logo dos informes previos do servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea, de Patrimonio e Contratación e do Servizo de Fiscalización.

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionábel xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á deputación. Todos os pagamentos que realice a deputación serán en moeda euro.

A entidade "Centro Social e Cultural Bergantiños" comprométese:

1º: A comunicar a todos os seus socios o financiamento do proxecto con cargo aos orzamentos da Deputación da Coruña, deixando constancia pública de iso á súa finalización.

2º: A pór en coñecemento da deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida que a axuda percibida minore o custo do proxecto financiado. A achega da deputación non poderá superar, en concorrencia con outros ingresos, o importe total dos gastos realizados.

3º: A destinar o local e os bens adquiridos con cargo á subvención provincial á finalidade indicada no presente convenio durante un prazo mínimo de dous anos. O incumprimento desta obriga de destino será causa de reintegro da subvención percibida.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor desde a súa sinatura ata a terminación das adquisicións e equipamentos. Agás circunstancias debidamente xustificadas, o convenio non subministrará efectos máis alá do 31 de decembro de 2007.

QUINTA: INTERPRETACIÓN

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraraas, interpretaraas e resolveraas motivadamente a Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdiccionais que estime oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas ao foro xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que fosen competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente da súa resolución.

A entidade "Fillos do Concello do Porto do Son Centro Social e Cultural Bergantiños" deberá reintegrarlle ao erario provincial aquelas cantidades que, percibidas con carácter previo á realización dos correspondentes pagamentos da adquisición, non fosen adecuadamente xustificadas. Non procederá a aplicación dos xuros de mora correspondentes ás cantidades que se han reintegrar, cando o incumprimento obedecese a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do de de dous mil seis.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio, por exemplar cuaduplicado, con lugar e data do seu encabezamento."

H.- ASOCIACIÓN CIVIL UNIÓN RESIDENTES DE OUTES

1.- Outorgarlle á entidade "Asociación Civil Unión Residentes de Outes", de Bos Aires-Arentina, unha subvención nominativa por importe de **7.800 €**, coa finalidade de financiar o proxecto de creación dunha páxina web da asociación, o que equivale a unha achega provincial do 100% do presuposto subvencionado de gastos.

2.- Excepcionar a aplicación da Base 48ª das do Orzamento Xeral para 2006, ao superar a achega provincial o 80% do orzamento subvencionado de gastos, motivado pola precaria situación económica e asistencial na que están sumidos a maior parte dos centros galegos radicados en países latinoamericanos, principais vínculos de unión, en moitos casos únicos, dos galegos coa súa terra de orixe.

3.- Aprobar o convenio que se acompaña deseguido, no que se concretan os puntos do compromiso da achega provincial.

4.- Facultar ao presidente da Corporación para a sinatura e execución do correspondente convenio.

" CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CIVIL "UNIÓN RESIDENTES DE OUTES", PARA FINANCIAR UN PROXECTO DE CREACIÓN DUNHA PÁXINA WEB DA ASOCIACIÓN .

A Coruña, XX de XXX de 2006

REUNIDOS

Dunha parte *D.Salvador Fernández Moreda*, que intervéen neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, e actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, *D. Manuel Rey García*, que intervéen neste acto en nome e representación da Asociación Civil "Unión Residentes de Outes", cuxo domicilio social está na rúa Dr. Enrique Finocchietto, 1219 P.B. (1275), Bos Aires (Arxentina), e actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo cos seus estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro.- A Deputación da Coruña, en adiante deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre as súas fins propias e específicas garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

A Asociación Civil "Unión Residentes de Outes", é unha institución privada sen fins de lucro, constituída en 1910, ao abeiro da lexislación da República Arxentina, para a mellora da calidade de vida dos galegos residentes no dito país.

Segundo.- As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, a súa cidadanía e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están afastados da súa terra.

Terceiro.- A problemática situación económica e social pola que están a atravesar a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns galegos estean a vivir unha insostíbel situación de precariedade económica e asistencial, que os mantén na marxe da evolución da cultura, especialmente da galega.

Cuarto.- Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades procurar a pervivencia das entidades asociativas galegas co afán de axudar a mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, e promover a divulgación, a través das novas tecnoloxías, da propia asociación e as actividades que desenvolve, así como do Concello de Outes e provincia da Coruña, nos seus aspectos culturais, sociais, turísticos, económicos, etc.

É por iso que ambas as dúas entidades estiman conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior, e acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Financiar un proxecto de desenvolvemento dunha páxina web da asociación.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña comprométese a achegar a cantidade de 7.800 euros, para financiar o proxecto de creación dunha páxina web da asociación, o que supón unha achega do 100% do orzamento subvencionado de gastos.

A Asociación Civil "Unión Residentes de Outes" comprométese a asumir o desenvolvemento dunha páxina web propia, o que inclúe o persoal técnico e artístico necesario, o deseño e montaxe da páxina así como a súa posta en funcionamento, todo iso orientado ao cumprimento do obxecto do convenio, cun orzamento de gastos de 7.800 euros, segundo se detalla no anexo.

A entidade beneficiaria comprométese, de conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, con carácter previo á realización da adquisición, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, escollendo de entre as recibidas a que resulte máis adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía, deberase xustificar a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da deputación materializarase mediante as seguintes transferencias bancarias á conta designada pola entidade:

1ª transferencia: 3.900€ (50% do total a achegar) á sinatura do convenio. Logo da transferencia previa, a entidade remitiralle á deputación garantía suficiente equivalente ao importe anticipado.

2ª transferencia: 3.900€ (importe restante), á recepción da xustificación acreditativa dos gastos realizados, polo importe total do convenio (7.800 €), sempre que se dese cumprimento total do seu obxecto.

Non obstante o indicado para o sistema de pagamentos, a entidade beneficiaria poderá optar por remitir con carácter previo ao primeiro pagamento (1ª transferencia) a documentación xustificativa correspondente, en cuxo caso non terá a obriga de prestar a garantía mencionada. De optar por non presentar garantía suficiente para o cobro do primeiro prazo e presentar a xustificación dos gastos correspondentes, no último pagamento que se ha realizar deberán xustificar unicamente gastos por importe igual ou superior aos últimos 3.900 euros.

A Asociación Civil "Unión Residentes de Outes" comprométese a remitir como documentación xustificativa da realización do obxecto do convenio:

- Informe do presidente da entidade.
- Facturas, recibos e outras pezas xustificativas das adquisicións realizadas.

Coa proposta de aprobación da última xustificación poderá tramitarse a proposta de cancelación da garantía constituída.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, e aboarase o 100% da cantidade realmente xustificada.

A falta de xustificación en prazo, sen que medie solicitude de prórroga, dará lugar ao reintegro do importe percibido e non xustificado, ao que se engadirá o correspondente xuro de mora, calculado desde a data da achega do primeiro prazo.

As correspondentes transferencias bancarias materializaranse logo dos informes previos do servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea, Patrimonio e Contratación e Servizo de Fiscalización.

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionábel xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á deputación. Todos os pagamentos que realice a deputación serán en moeda euro.

A Asociación Civil "Unión Residentes de Outes" comprométese:

1º: A comunicar a todos os seus socios o financiamento do proxecto con cargo aos orzamentos da Deputación da Coruña, deixando constancia pública diso á súa finalización.

2º: A pór en coñecemento da deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida que a axuda percibida minore o custo do proxecto financiado. A achega da deputación non poderá superar, en concorrencia con outros ingresos, o importe total dos gastos realizados.

3º: A manter a páxina web creada con cargo á subvención provincial á finalidade indicada no presente convenio durante un prazo mínimo de dous anos. O incumprimento desta obriga de destino será causa de reintegro da subvención percibida.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor desde a súa sinatura ata a terminación das adquisicións e equipamentos. Agás circunstancias debidamente xustificadas, o convenio non subministrará efectos máis alá do 31 de decembro de 2007.

QUINTA: INTERPRETACIÓN

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraraas, interpretaraas e resolveraas motivadamente a Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estime oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas ao foro xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que fosen competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente da súa resolución.

A Asociación Civil "Unión Residentes de Outes" deberá reintegrarlle ao erario provincial aquelas cantidades que, percibidas con carácter previo á realización dos correspondentes pagamentos da adquisición, non fosen adecuadamente xustificadas. Non procederá a aplicación dos xuros de mora correspondentes ás cantidades que se han reintegrar, cando o incumprimento obedecese a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do de de dous mil seis.

E en proba de conformidade, asinan o presente instrumento convencional, por exemplar cuadruplicado, con lugar e data do seu encabezamento."

I.- ASOCIACIÓN FILLOS DO CONCELLO DE PORTO DO SON

1.- Outorgarlle á entidade "Asociación Fillos do Concello de Porto do Son", de Montevideo-Uruguai, unha subvención nominativa por importe de **6.000 €**, con cargo á partida 0104/463C/78901 do vixente Orzamento Xeral, coa finalidade de financiar gastos relacionados con reparacións no local social da entidade, o que equivale a unha achega do 100% do presuposto subvencionado de gastos.

2.- Excepcionar a aplicación da Base 48ª das do Orzamento Xeral para 2006, ao superar a achega provincial o 80% do orzamento subvencionado de gastos, motivado pola precaria situación económica e asistencial na que están sumidos a maior parte dos centros galegos radicados en países latinoamericanos, principias vínculos de unión, en moitos casos únicos, dos galegos coa súa terra de orixe.

3.- Aprobar o convenio que se acompaña deseguido, no que se concretan os puntos do compromiso da achega provincial.

4.- Modificar o acordo plenario adoptado no punto núm. 4 da orde do día da sesión plenaria ordinaria celebrada o pasado 28/9/06, no senso de modificar o obxecto e a imputación orzamentaria aprobada.

5.- Facultar ao presidente da Corporación para a sinatura e execución do correspondente convenio.

" CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ENTIDADE "FILLOS DO CONCELLO DO PORTO DO SON", PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DE REPARACIÓNS NO LOCAL SOCIAL DA ENTIDADE.

A Coruña, XX de XXX de 2006

REUNIDOS

Dunha parte *D.Salvador Fernández Moreda*, que intervéñ neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, e actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra D/Dna., que intervéñ neste acto en nome e representación da entidade "Fillos do Concello do Porto do Son", cuxo domicilio social está en Juan B. Viacaba, 1960, O Cerro, C.P. 12800, Montevideo - Uruguai, e actúa na súa calidade de e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo cos seus estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro.- A Deputación da Coruña, en adiante deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre as súas fins propias e específicas garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

A entidade "Fillos do Concello do Porto do Son", é unha institución privada sen fins de lucro, constituída ao abeiro da lexislación da República de Uruguai, para a mellora da calidade de vida dos galegos residentes no dito país.

Segundo.- As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, a súa cidadanía e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están afastados da súa terra.

Terceiro.- A problemática situación económica e social pola que están a atravesar a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns galegos estean a vivir unha insostíbel situación de precariedade económica e asistencial, que os mantén na marxe da evolución da cultura, especialmente da galega.

Cuarto.- Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades procurar a pervivencia das entidades asociativas galegas co afán de axudar a mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, a través da promoción de actividades de fomento da cultura, especialmente da tradicional galega.

É por iso que ambas as dúas entidades, estiman conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior, e acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Financiar gastos relacionados con reparacións no local social da entidade.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña comprométese a achegar a cantidade de 6.000 euros, para financiar os gastos relacionados coa realización de reparacións no local social da entidade, o que supón unha achega do 100% do orzamento subvencionado de gastos.

A entidade "Fillos do Concello do Porto do Son" comprométese a asumir os gastos relacionados coa actividade mencionada, cun orzamento de gastos de 6.000,00 €, que se detalla no seguinte:

1º.Reparacións varias 1.600,00€

Construción de portas e reixas en salón inferior

Construción de reixas en salón de festas superior

Construción de varanda para escaleira

Reparación do sistema de seguridade en porta e xanelas

2º. Construción dun baño para mulleres e homes 4.400,00€

Implantación e replanteo da obra

Muro interior, revocadura e colocación de cerámica

Pintura

Subministración e colocación de inodoros e mexadoiros

Subministración e colocación de portas batentes de aluminio

Subministración e colocación de billas e espellos

Subministración e colocación de canos

Limpeza de obra

A entidade beneficiaria comprométese, de conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, con carácter previo á realización da adquisición, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, escollendo de entre as recibidas a que resulte máis adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía, deberase xustificar a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da deputación materializarase mediante as seguintes transferencias bancarias á conta designada pola entidade:

1ª transferencia: 3.000€ (50% do total a achegar) á sinatura do convenio. Logo da transferencia previa, a entidade remitiralle á deputación garantía suficiente equivalente ao importe anticipado.

2ª transferencia: 3.000€ (importe restante), á recepción da xustificación acreditativa dos gastos realizados, polo importe total do convenio, sempre que se dese cumprimento total do seu obxecto.

A entidade "Fillos do Concello do Porto do Son" comprométese a remitir como documentación xustificativa da realización do obxecto do convenio:

- Informe da presidenta da entidade.
- Facturas, recibos e outras pezas xustificativas das adquisicións realizadas.

Non obstante o indicado para o sistema de pagamentos, a entidade beneficiaria poderá optar por remitir con carácter previo ao primeiro pagamento (1ª transferencia) a documentación xustificativa correspondente. De optar por non presentar garantía suficiente para o cobro do primeiro prazo e presentar a xustificación dos gastos correspondentes, no último pagamento que ha realizar deberán xustificar unicamente gastos por importe igual ou superior aos últimos 3.000 euros.

Coa proposta de aprobación da última xustificación poderá tramitarse a proposta de cancelación da garantía constituída.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, e aboarase o 100% da cantidade realmente xustificada.

A falta de xustificación en prazo, sen que medie solicitude de prórroga, dará lugar ao reintegro do importe percibido e non xustificado, ao que se engadirá o correspondente xuro de mora, calculado desde a data da achega do primeiro prazo.

As correspondentes transferencias bancarias materializaranse logo dos informes previos do servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea, de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionábel xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á deputación. Todos os pagamentos que realice a deputación serán en moeda euro.

A entidade "Fillos do Concello do Porto do Son" comprométese:

1º: A comunicar a todos os seus socios o financiamento do proxecto con cargo aos orzamentos da Deputación da Coruña, deixando constancia pública diso á súa finalización .

2º: A pór en coñecemento da deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida que a axuda percibida minore o custo do proxecto financiado. A achega da deputación non poderá superar, en concorrencia con outros ingresos, o importe total dos gastos realizados.

3º: A destinar o local reformado con cargo á subvención provincial á finalidade indicada no presente convenio durante un prazo mínimo de dous anos. O incumprimento desta obriga de destino será causa de reintegro da subvención percibida.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor desde a súa sinatura ata a terminación das adquisicións e equipamentos. Agás circunstancias debidamente xustificadas, o convenio non subministrará efectos máis aló do 31 de decembro de 2007.

QUINTA: INTERPRETACIÓN

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraraas, interpretaraas e resolveraas motivadamente a Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estime oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas ao foro xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que fosen competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente da súa resolución.

A entidade "Fillos do Concello do Porto do Son" deberá reintegrarlle ao erario provincial aquelas cantidades que, percibidas con carácter previo á realización dos correspondentes pagamentos da adquisición, non fosen adecuadamente xustificadas. Non procederá a aplicación dos xuros de mora correspondentes ás cantidades que se han reintegrar, cando o incumprimento obedecese a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do de de dous mil seis.

E en proba de conformidade, asinan o presente instrumento convencional, por exemplar cuadruplicado, con lugar e data do seu encabezamento."

19.- PROPOSTA DE SINATURA DE CONVENIOS COS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA MANTEMENTO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.-Aprobar a sinatura de convenios de colaboración cos concellos da provincia da Coruña que contan con Servizos de Normalización Lingüística e se acolleron a esta liña de axudas para o mantemento dos devanditos servizos.

2º.- Aprobar o texto dos convenios nos termos propostos polo Servizo de Contratación.

3º.-Facultar ao presidente en todo o necesario para a sinatura dos convenios.

CONVENIO DE COOPERACIÓN CO CONCELLO DE PARA O FINANCIAMENTO DO MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

A Coruña, XX de XXXXX de dous mil seis

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Don Salvador Fernández Moreda, presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra, Sr. Donalcalde-presidente do Concello de

Ambos os dous interveñen en función dos seus cargos e en uso das facultades que lles están atribuídas,

Expoñen

1º Que a Deputación da Coruña concedeu subvencións aos concellos para a creación e mantemento do Servizo de Normalización Lingüística, conforme ás bases publicadas no BOP da Coruña nº 244 do 22 de outubro de 2004, no exercicio das competencias previstas nos artigos 2, 6 e 25 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e 36.2 da Lei 7/1985.

2º Que lles interesa a ambas entidades o mantemento do Servizo para o período de outubro de 2005 ata outubro de 2006, polo que se establece o seguinte convenio de cooperación, ao abeiro dos artigos 57 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril e 198.3 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

3º Que para a formalización deste convenio existe crédito suficiente na partida 07.01 350A 462.00 dos orzamentos desta deputación.

Polo exposto, establécense os termos desta colaboración co Concello de conforme ás seguintes

Cláusulas

Primeira. Fins

O presente convenio establécese para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de

Segunda. Obxectivo

O obxectivo desta cooperación consiste na axuda para as retribucións do persoal que se especifica, exclusivamente adscrito o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de

- ◆ Denominación do posto: normalizador/a lingüístico/a
- ◆ Número de postos: 1
- ◆ Réxime de dedicación: Xornada

Terceira. Achega económica

Para a atención do Servizo de Normalización Lingüística expresado na cláusula segunda, a deputación achegará a cantidade de euros.

Cuarta. Compromiso do concello

O Concello decomprométese a prestar o Servizo de Normalización ao longo do período de outubro de 2006 a setembro de 2007, e a completar no necesario coa súa achega económica o custo dos programas obxecto deste convenio e cuxa realización se ha xustificar perante a deputación nos termos e prazos que se detallan.

Quinta. Requisitos para o pagamento

O 50 por cento da subvención aboaráselles aos concellos, con carácter de anticipo prepagable, no momento que proporcionen os contratos de traballo correspondentes e a resolución da Alcaldía pola que foron aprobados. No caso de seren funcionarios, subministrárase a resolución de nomeamento e a acta de toma de posesión.

O 50 por cento restante aboaráse no momento da xustificación, conforme á cláusula sexta.

Para todos os pagamentos o concello deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como non ter débedas coa deputación.

Sexta. Xustificación

Para o pagamento da achega que reste, ademais dos xustificantes indicados na cláusula 5ª, no caso de que non foran xa fornecidos, no mes de outubro de 2007 o concello emitirá unha certificación na que constará:

- Que o Servizo de Normalización Lingüística foi prestado ao longo de todo o período do convenio, e que o persoal para o que se percibe a achega da deputación permaneceu adscrito ao Servizo durante o tempo de duración do convenio.

No caso de que por circunstancias excepcionais. debidamente xustificadas, non fose posible acreditar a cobertura do posto de traballo para o que se percibe a subvención, durante todo o tempo de duración do convenio, percibirase a parte proporcional da achega da deputación, segundo o cálculo de dividir o importe da subvención polo total de días de duración do convenio.

- O importe das retribucións brutas aboadas ao persoal contratado para o devandito servizo e a cota empresarial aboada á Seguridade Social polo citado traballador.

- Importe doutras subvencións recibidas para a mesma finalidade e período, no seu caso.

A xustificación será informada polos Servizos de Fomento e de Contratación da deputación.

O importe da subvención concedida pola deputación, illadamente ou, no seu caso, na concorrencia con outras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, non poderá superar en ningún caso o custo das retribucións e seguridade social do persoal

adscrito ao dito servizo. Os eventuais excesos serán devoltos polo concello ou compensados directamente pola deputación.

Sétima. Prazo

O presente convenio terá unha vixencia comprendida entre o 1 de outubro de 2006 e o 30 de setembro de 2007.

Poderase prorrogar para o período do de 1 outubro de 2007 ao 30 de setembro de 2008, mediante resolución da Presidencia, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio (art. 69 do R.D.Legislativo 2/2000) e informes favorables dos Servizos de Fomento, Patrimonio e Contratación, e Fiscalización.

As cantidades subvencionadas só se incrementarán, no caso de prórroga, co IPC anual

Oitava. Incumprimento

No caso de incumprimento dos obxectivos ou doutras condicións do convenio, o concello deberá reintegrar o percibido máis os xuros de mora devengados. Para a efectividade do reintegro, a deputación queda facultada para compensar cos ingresos pola recadación dos impostos xestionados pola entidade provincial.

Novena. Natureza do convenio

O presente convenio ten carácter administrativo e os litixios que poidan xurdir será competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Cláusula adicional

No non previsto neste convenio e nas bases de execución do orzamento desta deputación, aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

E en proba de conformidade asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo.-

ACTUACIÓN DE CONTROL

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. López Crespo

Chamar a atención dos grupos que gobernan en relación ao apoio económico para os concellos que sufriron inundacións estes días. Facer que estes casos concretos que fagan solicitudes á deputación, que vostedes teñan un apoio económico para paliar, na medida do posíbel, os efectos destas inundacións. Dicar que case estabamos seguros que o farían, pero ben, tamén nos parece que desde aquí o podemos facer como un rogo, coa seguridade de que van escoitalo, e ao mellor, até xa se anticiparon a nós. Nada máis.

Sr. presidente

En relación a isto, pódolle informar ao Pleno que onte estiven a visitar todos os bens provinciais afectados polas riadas, acompañado polo técnicos de Vías e Obras e tamén polo interventor, porque ao final é o que ten que dispor dos fondos, e demos as instrucións para que tomen as medidas que teñan que tomar con carácter de urxencia, que fagan a obra, e entón xa se fará o expediente necesario para as pagar.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e trinta e cinco minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.